



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZANOVE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 07)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luís Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

Sendo as once horas e vinte minutos do día **dezanove de febreiro de dous mil vinte e un**, a través de sistemas tecnolóxicos de vídeoconferencia, e baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA DOCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día doce de febreiro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DE PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NO CENTRO DE ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES DO MUNICIPIO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de contratación de prestacións ás persoas maiores no centro de atención a maiores de Pedrafita do Cebreiro, consta no mesmo:

1. Proposta de inicio de expediente de contratación, con CSV: IV7HXS7CD4O7RHR3UR45AJIAMA¹.

4. Memoria xustificativa, con CSV: IV7HSLSTZZTX2EOQ5QAM7QHMA.

5. Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV: IV7HXTCPZAUJLCUY6X6MKZDHAQ.

¹Os códigos seguros de validación resultan accesibles na sede electrónica na dirección web: <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>



6. Consignación orzamentaria, con CSV: IV7HQQGQ5B472JX7JAXUVEIIIOEU.

7. Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7HSAKDLBMOWSNICN5QL3SUD4.

8. Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7HSAJZFPXPQTNI4RGDGALOGY.

9. Informe de fiscalización previa, con CSV IV7HSORSBAGTJNHLDT5HKNARI4.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Presidencia, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación de prestacións ás persoas maiores no centro de atención a maiores de Pedrafita do Cebreiro, cunha duración ata o día 20 de xuño de 2022.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como criterio de puntuación, así como a obtención de melloras na prestación a través das ofertas realizadas polos licitadores.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento negociado sen publicidade, de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168 a) apartado 2º, e 170 da LCSP, nos termos do artigo 131 da citada lei, de conformidade co previsto na normativa; dispoñer

a apertura do mesmo, mediante convite a Fundación Camiña Social, As Rodas Vivenda Comunitaria e Serge Lucense S.A., facultando ao Servizo de Contratación e Fomento para que curse convite aos licitadores.

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 771.871,74 €. O orzamento base de licitación inclúe 29.687,37€ en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 4%; importe que se engade aos 742.184,37 € de base.

O importe do contrato financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE	A
2021	2315.22799	483.192,40	220209/731
2022	2315.22799	288.679,34	220209/731
	SUMA	771.871,74	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 483.192,40 €, para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 as cantidades indicadas, na aplicación sinalada.

Os gastos plurianuais está sometidos ás limitacións establecidas no art. 174 do R.D. lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 79 a 88 do Decreto 500/1990 de 20 de abril, e regúlanse na base nº 19 de execución do Orzamento xeral vixente, dos que se deducen os seguintes requisitos:

A execución do gasto debe iniciarse no propio exercicio.

As anualidades non excederán de 4 anos.

Contratos que non poden ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.



Cúmprense os requisitos 2º e 3º e esta previsto que o gasto se inicie no presente exercicio.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Débese ter en conta o escrito da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, no que sinala que a proposta anteriormente transcrita ten dous erros, o primeiro na incorrecta numeración dos antecedentes que deberían de ser correlativos e o segundo que a proposta non se trasalada a Presidencia senon á Xunta de Goberno.

3.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE INSPECCIÓN E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS NOS EDIFICIOS PERTENECENTES Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12 de xaneiro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Providencia de inicio e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV67HS2KPZMOJTH3U34XOBAGCU.

Informe complementario á memoria, con CSV: IV7GS3XLLEXNZHVO6Z6CGMYECI.

Informe de consignación orzamentaria, con CSV: IV7GW4CSHBNS5C4M3TVAI5AACI.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV67HST6F5RC2RNL43QB6ZCRAI.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GTXP2Z FVSLXRN6NITDZCWIM.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral Adxunta, con CSV: IV7GTXPSFIFSJ6OKYU5SM4L7GE.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GTULNHIUSSXJ3WU4VKUKH6U.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7G4TBZDAV32S5Z7VNDEQHXII.

Acordo da Xunta de Goberno de data 30 de outubro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7G44I7BYXZVH7PWNQHE536B4.

Acta da Mesa de contratación do día 26 de novembro de 2020, con CSV IV7GZSPNP4E77TFLUJAB45RVIQ, na que se recolle o seguinte:

“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

Clece S.A.

Sistemas de Seguridade A1 S.L.

Jomar Seguridad S.L.

Limperial S.L.



Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L.

Tendo en conta que os licitadores concorrentes presentaron as súas propostas dentro do prazo estipulado, procédese á apertura e exame dos sobres “A” (documentación administrativa), resultando que todas presentan a documentación correctamente. A mesa de contratación acorda admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación.

Apertura criterios avaliados automaticamente correspondente ás proposicións presentadas polos licitadores no procedemento.

Acto seguido procédese á apertura da documentación contida nos Sobres “B”, cos seguintes resultados:

Clece, S.A.

Comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Ofertar prezos unitarios en euros, sen iver prezos unitarios máximos no apdo. f do cadro resumo do PCAP):

	Revisión (año)	Retimbrado (unidade)	Reposición (unidade)* (2)	Recarga (unidade) * (3)	HORA MANO DE OBRA
EXT 6 KG ABC	4,76 €	11,05 €	19,72 €	14,73 €	
EXT 12 KG ABC	4,76 €	14,73 €	44,19 €	18,41 €	
EXT 2 KG CO2	4,76 €	11,05 €	24,55 €	14,73 €	
EXT 5 KG CO2	4,76 €	14,73 €	42,97 €	18,41 €	
EXT ESPECIAL * (1)	7,93 €	14,73 €	22,10 €	18,41 €	
PUERTA CI	7,93 €				
BIEs 45	9,51 €		79,79 €		
CENTRAL	34,88 €				
DETECTORES AUTÓNOMOS	3,17 €		23,32 €		
DETECTORES RED	3,17 €		23,32 €		
PULSADORES	3,17 €				
MANO DE OBRA					19,02 €

Comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 19,02 euros/hora, aos que haberá que engadir 3,99 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 23,01 euros/hora (Máximo 30 euros /hora mais IVE).

Comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP ☒SI ☐NON

Comprométese a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Sistemas de Seguridade A1 S.L.

Comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Ofertar prezos unitarios en euros, sen iva- ver prezos unitarios máximos no Apdo. f do cadro resumo do PCAP):

	REVISION	RETIMBRADO	REPOSICION	RECARGA
EXTINTOR 6 KG ABC	3,50	11,40	23,75	15,40
EXTINTOR 12 KG ABC	3,50	19,00	47,50	21,00
EXTINTOR 2 KG CO2	2,75	11,40	28,50	12,60
EXTINTOR 5 KG CO2	3,75	19,00	42,75	15,40
EXTINTORES ESPECIALES	3,75	14,25	33,25	25,00
PUERTAS CI	14,00	(*2)		
BIEs 45	5,25		95,00	
CENTRAL	72,00			
DETECTORES AUTONOMOS	4,90		24,70	
DETECTORES DE RED	4,20		24,70	
PULSADORES	3,00			

Comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 28,00 euros/hora, aos que haberá que engadir 5,88 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 33,88 euros/hora (Máximo 30 euros /hora mais IVE).



DEPUTACIÓN DE LUGO

Comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Comprométese a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Jomar Seguridad S.L.

Comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Ofertar prezos unitarios en euros, sen IVE- ver prezos unitarios máximos no Apdo. f do cadro resumo do PCAP):

	REVISION	RETIMBRADO	REPOSICION	RECARGA
EXTINTOR 6 KG ABC	3,40 €	11,75 €	24,75 €	14,00 €
EXTINTOR 12 KG ABC	3,40 €	18,75 €	45,50 €	19,50 €
EXTINTOR 2 KG CO2	3,40 €	11,75 €	27,75 €	13,00 €
EXTINTOR 5 KG CO2	3,40 €	18,75 €	44,75 €	20,00 €
EXTINTORES ESPECIALES	4,20 €	14,50 €	34,50 €	25,00 €
PUERTAS CI	12,50 €	(*2)		
BIEs 45	7,80 €		77,50 €	
CENTRAL	112,00 €			
DETECTORES AUTONOMOS	2,50 €		24,75 €	
DETECTORES DE RED	2,50 €		24,75 €	
PULSADORES	2,00 €			

Comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 23,00 euros/hora, aos que haberá que engadir 4,83 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 27,83 euros/hora (Máximo 30 euros /hora mais IVE).

Comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP: ☐SI ☒NON

Comprométese a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP: SI ☒NON

Limpergal S.L.

Comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Ofertar prezos unitarios en euros, sen IVE- ver prezos unitarios máximos no apdo. f do cadro resumo do PCAP):

	REVISION	RETIMBRADO	REPOSICION	RECARGA
EXTINTOR 6 KG ABC	4,50 €	9,00 €	18,75 €	14,95 €
EXTINTOR 12 KG ABC	5,20 €	12,00 €	35,00 €	21,95 €
EXTINTOR 2 KG CO2	4,50 €	9,00 €	25,50 €	14,95 €
EXTINTOR 5 KG CO2	5,20 €	12,00 €	38,25 €	18,90 €
EXTINTORES ESPECIALES	5,85 €	9,75 €	31,50 €	22,00 €
PUERTAS CI	14,60 €	(*2)		
BIEs 45	11,25 €		73,00 €	
CENTRAL	78,00 €			
DETECTORES AUTONOMOS	5,25 €		18,72 €	
DETECTORES DE RED	5,25 €		18,72 €	
PULSADORES	3,75 €			

Comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 25,00 euros/hora, aos que haberá que engadir 5,25 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 30,25 euros/hora (Máximo 30 euros /hora mais IVE).

Comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Comprométese a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L.



Comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Ofertar prezos unitarios en euros, sen IVE- ver prezos unitarios máximos no Apdo. f do cadro resumo do PCAP):

	REVISION	RETIMBRADO	REPOSICION	RECARGA
EXTINTOR 6 KG ABC	3.50	12.00	24.00	16.00
EXTINTOR 12 KG ABC	3.50	12.00	36.00	22.00
EXTINTOR 2 KG CO2	3.50	12.00	30.00	18.00
EXTINTOR 5 KG CO2	3.50	18.00	45.00	20.00
EXTINTORES ESPECIALES	3.50	12.00	22.00	16.00
PUERTAS CI	10.00	(*2)		
BIEs 45	8.00		70.00	
CENTRAL	20.00			
DETECTORES AUTONOMOS	2.00		25.00	
DETECTORES DE RED	2.00		25.00	
PULSADORES	2.00			

Comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 25,00 euros/hora, aos que haberá que engadir 5,25 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 30,25 euros/hora (Máximo 30 euros /hora mais IVE).

Comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Comprométese a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP: ☒SI ☐NON

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:

Realizar a valoración e análise de ofertas anormalmente baixas ou desproporcionadas, en caso de que haxa, na vindeira sesión que se convoque, sendo asistida polo Servizo de Arquitectura e polo Servizo de Contratación e Fomento.”

Actas da Mesa de Contratación do día 3 e do día 22 de decembro de 2020, con CSVIV7G2QD2LVZO6VG5QB7EKNITN4, e con CSV IV7GEOLI2HZTTW4O3R4TKQXQ4A, respectivamente.

Na Mesa do día 22 de decembro de 2020 corrixiuse o cálculo de ofertas realizado polo Servizo de Arquitectura na Mesa celebrada o día 3, acordando o seguinte:

“Primeiro.- Valoración criterios avaliables automaticamente.

Na sesión da Mesa de Contratación de data 3 de decembro de 2020 aportárase, polo Servizo de Arquitectura, o cálculo dos prezos totais do mantemento programado (criterio de adxudicación 1), a partir dos prezos unitarios ofertados polos licitadores. As follas de cálculo publicáronse na Plataforma de Contratos do Sector Público, sendo advertido que, por erro, non foron sumados algúns dos prezos.

Polo Servizo de Arquitectura procedeuse a realizar un novo cálculo, multiplicando todos os prezos unitarios ofertados por cada participante no procedemento polo número de actuacións previstas no cadro do anexo III do prego de prescricións técnicas, sendo o resultado o seguinte:

LICITADORES	TOTAL mantemento programado SEN IVE (EUROS)
CLECE S.A.	33.297,69
SISTEMAS DE SEGURIDADE A1 S.L.	29.951,40
JOMAR SEGURIDAD S.L	30.030,60
LIMPERGAL S.L.	33.227,35
APAGAL SEGURIDAD Y PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS S.L.	27.831,80

Tendo en conta os datos anteriores, procedeuse á valoración dos criterios avaliables automaticamente, co seguinte resultado:



			CLECE S.A.	SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 SL	JOMAR SEGURIDAD SL	LIMPERGAL SL	APAGAL SEGURIDAD Y PROTECCION CONTRA INCENDIOS SL
	Ptos. Max.	importe sen IVE					
1.- Prezo do mantemento programado	60	41.623,80	33.297,69	29.951,40	30.030,60	33.227,35	27.831,80
2.- Prezo por hora de man de obra	20	30,00	19,02	28,00	23,00	25,00	25,00
3.- Cursos de formación	10		si	si	non	si	si
4.- Prácticas de extinción	10		si	si	non	si	si
VALORACION							
1.- Prezo do mantemento programado			50,15	55,75	55,61	50,26	60,00
2.- Prezo por hora de man de obra			20,00	13,59	16,54	15,22	15,22
3.- Cursos de formación			10,00	10,00	0	10,00	10,00
4.- Prácticas de extinción			10,00	10,00	0	10,00	10,00
SUMA TOTAL			90,15	89,34	72,15	85,48	95,22

A continuación realízase un novo cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, ao respecto do criterio 1 (prezo do mantemento programado) sendo o resultado o seguinte:

En aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

“(…)

Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, se entre elas existen ofertas que sexan superiores á devandita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ao cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.”

Así, en canto o criterio 1 (prezo mantemento programado), o importe por debaixo do cal se considera desproporcionada ou anormal a oferta presentada é 27.780,99 euros. Polo tanto, considérase que ningunha das ofertas é desproporcionada ou anormal.

En canto o criterio 2 (prezo man de obra hora mantemento correctivo), o importe por debaixo do cal se considera desproporcionada ou anormal a oferta presentada é 20,70 euros. Mantense o acordado na sesión da Mesa de Contratación de 3 de decembro de 2020: En principio, é desproporcionada ou anormal a oferta presentada por Clece S.A. e foille concedido xa o trámite de audiencia.

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar o seguinte acordo:

Corrixir a valoración efectuada pola Mesa de Contratación en sesión de 3 de decembro de 2020, conforme ao indicado con anterioridade, e publicar a mesma na Plataforma de Contratos do Sector Público, xunto coas follas de cálculo dos prezos totais do mantemento programado (criterio de adxudicación 1) elaboradas polo Servizo de Arquitectura.”

Acta da Mesa de Contratación de 29 de decembro de 2020, con CSV IV7GG3AN3I77ST4NUVNU4FJPI4, na que se recolle o seguinte:

“Primeiro.- Xustificación de oferta anormalmente baixa.

A Mesa de Contratación, en sesión de 3 de decembro de 2020, acordou por unanimidade conceder o trámite de xustificación da oferta presentada, previsto no art. 149.4 da LCSP, en relación coa cláusula décimo terceira do PCAP que rexe esta licitación, por un prazo de 5 días hábiles, ao encontrarse a súa oferta en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa ao licitador Clece S.A.

A licitadora presentou en prazo a xustificación, que foi trasladada ao Servizo de Arquitectura, que concluíu o seguinte:



“A la vista del escrito presentado por Clece S.A. se considera que la parte de su oferta en la que la Mesa de Contratación aprecia “baja desproporcionada o anormal” está suficientemente desarrollada y justificada según lo establecido por el apartado 4 del artículo 149 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre de Contratos del Sector Público, por lo que a juicio del técnico que suscribe la Mesa puede considerar y aceptar la oferta de este licitador.”

A Mesa acorda aceptar a xustificación da oferta por unanimidade dos presentes, polo que ningunha oferta incorre en anormalidade e non procede a exclusión de ningunha.

Mantense a valoración realizada na sesión de 22 de decembro de 2022 e procédese a clasificación das proposicións.

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar aos licitadores concorrentes as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	APAGAL SEGURIDAD Y PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS S.L.	95,22
2	CLECE S.A.	90,15
3	SISTEMAS DE SEGURIDAD A1 S.L.	89,34
4	LIMPERGAL S.L.	85,48
5	JOMAR SEGURIDAD S.L.	72,15

Requirir á empresa Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Acta da Mesa de Contratación celebrada o día 3 de febreiro de 2021, con CSV IV7HQ7TMZ5GJIVE44D6E6FKRAQ, que recolle a seguinte:

“Apertura de requirimento de documentación.

A Mesa de Contratación, en sesión de 29 de decembro de 2020, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

“Requirir á empresa Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas”.

Deuse conta aos membros da Mesa de contratación que, con data 15 de xaneiro de 2021 enviouse á empresa Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L., a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, notificación do Decreto de requirimento de documentación, con prazo de presentación ata o 29 de xaneiro de 2021. Con data 29 de novembro do 2021 a empresa atendeu o requirimento, remitando a documentación a través da Plataforma de Contratos do Sector Público.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta CIF da empresa.

Presenta escritura de transformación de sociedade civil en sociedade limitada, de data 28 de decembro de 2015, inscrita no Rexistro Mercantil de Lugo, na que consta como obxecto social a instalación e mantemento de sistemas de protección contra incendios. Figura, como administradora solidaria, a persoa que actúa como representante da empresa no presente procedemento de contratación, Dña. Vanesa Montero Fernández, da que consta o número de DNI na propia escritura.

Achega certificado de situación no censo de actividades económicas da AEAT, de data 12-01-2021, no que consta alta correspondente ao exercicio 2020 actividade nº 1 epígrafe IAE 504.1 instalacións eléctricas en xeral. Consta exención concedida ao abeiro do artigo 82.1.c LRHL.



Achega Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Axencia Tributaria de data 20-01-2021.

O Servizo de Contratación foi autorizado para solicitar Certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente expedida pola Deputación de Lugo, que se xunta ao expediente.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 21-01-2021.

Achega declaración responsable de non estar atoparse en concurso de acredores.

Achega xustificante de transferencia por importe de 2.381,19 euros, en concepto de garantía definitiva.

Solvencia económica: Achega informe de Registradores de España, que acredita último depósito contable de 2019 en Rexistro Mercantil de Lugo, e consta importe neto da cifra de negocios do exercicio 2019 superior aos 35.717,85 euros esixidos.

Solvencia técnica ou profesional:

Non achega a relación solicitada dos “principais servizos realizados de igual ou similar natureza que os que constitúen obxecto do contrato durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos”.

Aporta documentación sobre servizos similares ao obxecto do contrato realizados para distintos destinatarios, mais non se se cumpre o requisito mínimo esixido no PCAP do importe anual acumulado, no ano de maior execución dos tres últimos, igual ou superior a 16.668,33 euros.

Por último, foille requirida á empresa proposta como adxudicataria a seguinte documentación (cláusula VII do PPT):

Declaración ou xustificante de ter presentado declaración responsable ante a administración, do cumprimento dos requisitos necesarios para ser empresa reparadora, mantedora e conservadora de equipos contra incendios:

Achega acuse de recibo da Consellería de Economía e Facenda da declaración responsable presentada para instalacións contra incendios, na que consta o número de Rexistro Industrial de Galicia (RIGA).

Copia do certificado de calidade do sistema de xestión da calidade implantado, emitido por unha entidade de certificación acreditada, segundo os procedementos establecidos no Regulamento da Infraestrutura para a Calidade e Seguridade Industrial, aprobado por Real Decreto 2200/1995, de 28 de decembro. O alcance do correspondente certificado, incluírá explicitamente, o mantemento de todos e cada un dos equipos ou sistemas para os que a empresa esta habilitada.

Aporta certificado UNE-EN ISO 9001:2015 emitido por OCA Instituto d Certificación SLU.

Copia de póliza de seguro de responsabilidade civil e do último recibo.

Aporta póliza de seguro de responsabilidade civil e último recibo.

Tal e como recolle a cláusula 17 do PCAP, se o licitador presentara a documentación descrita nos apartados anteriores con defectos emendables, como é o caso, se concederá un prazo de tres días hábiles, co obxecto de que se proceda a súa emenda. Se o licitador non emenda ou se o fai fora de prazo, nestes casos entenderase que retirou a súa oferta, procedéndose a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas. Neste suposto a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva dun 3% do orzamento base de licitación (IVE excluído) sen prexuízo de aplicar o establecido no art. 71.2 letra a) sobre eventuais causas de prohibición para contratar. Se a documentación presentada se axusta ao requirido o Órgano de contratación procederá á adxudicación.



A Mesa de Contratación, vista a documentación e as diferentes deficiencias detectadas, acordou, por unanimidade:

Requirir á empresa Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente a seguinte documentación, acreditativa da solvencia técnica ou profesional:

Unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, na que se indique o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos.

Certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

O requisito mínimo será que o importe anual acumulado no ano de maior execución sexa igual ou superior ao 70 por cento do valor anual medio do contrato: 16.668,33 euros.”

(...)

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 12 de febreiro de 2021, aos efectos de examinar a subsanación da documentación do artigo 150 da LCSP, dáse conta de que no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura do requirimento de documentación administrativa, cursado a través da Plataforma de contratación do sector público o día 5 de febreiro de 2021 a Apagal Seguridad y Protección contra Incendios SL, con prazo de presentación ata o día 10 de febreiro.

A empresa atendeu ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación, o día 10 de febreiro 2021, por imposibilidade técnica de facelo a través da Plataforma, “ya que dicha plataforma indica error”.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

Presente unha relación dos principais servizos realizados, de igual ou similar natureza que os que constitúen o obxecto do contrato, durante os tres últimos anos, en concreto ano 2020, na que se indica o importe, a data e o destinatario, público ou privado dos mesmos. O importe total é superior ao esixido no PCAP.

Presenta Certificados ou visados expedidos polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L., a contratación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos edificios pertencentes á Deputación provincial de Lugo, por un importe máximo de 47.623,80 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 10.001 €, o que fai un total de 57.624,80€ (para unha duración de dous anos).

A empresa comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Euros, sen IVE):



	REVISION	RETIMBRADO	REPOSICION	RECARGA
EXTINTOR 6 KG ABC	3.50	12.00	24.00	16.00
EXTINTOR 12 KG ABC	3.50	12.00	36.00	22.00
EXTINTOR 2 KG CO2	3.50	12.00	30.00	18.00
EXTINTOR 5 KG CO2	3.50	18.00	45.00	20.00
EXTINTORES ESPECIALES	3.50	12.00	22.00	16.00
PUERTAS CI	10.00	(*2)		
BIEs 45	8.00		70.00	
CENTRAL	20.00			
DETECTORES AUTONOMOS	2.00		25.00	
DETECTORES DE RED	2.00		25.00	
PULSADORES	2.00			

A empresa comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 25,00 euros/hora, aos que haberá que engadir 5,25 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 30,25 euros/hora.

A empresa comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP e a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Apagal Seguridad y Protección Contra Incendios S.L., a contratación do servizo de inspección e mantemento das instalacións de protección contra incendios nos edificios pertencentes á Deputación provincial de Lugo, por un importe máximo de 47.623,80 €, ao que se aplicará un IVE (21%) de 10.001 €, o que fai un total de 57.624,80€ (para unha duración de dous anos).

Tendo en conta a data prevista de inicio do servizo, o 1 de marzo de 2021, a distribución por anualidades é a seguinte:

CENTRO	APLICACIÓN	2021	2022	2023
PAZO PROVINCIAL	9200.212	2.392,17	2.753,96	652,19
SANTA MARIA	9200.212	2.695,28	2.932,13	677,90
MUSEO PROVINCIAL	3330.212	3.683,54	3.709,86	827,34
SERVIZO DE AUDIOVISUAIS	3241.212	664,29	700,59	159,72
PAZO DOS DEPORTES	3420.212	3.730,73	3.728,31	828,25
EDIFICIO MIÑO	9200.212	530,89	701,50	174,85
PARQUE MOBIL	9201.212	1.504,64	1.851,91	450,12
C. PRODUCCIÓN PROGRAMAS	3241.212	478,25	582,31	140,97
GRANXA PROVINCIAL	4120.212	906,59	890,26	196,02
C.INTER. TERRAS DO MIÑO	1729.212	141,57	148,83	33,88
MUSEO DE CESTERIA	2413.212	43,56	79,86	21,78
OFICINAS SANTO DOMINGO	9200.212	104,36	100,13	21,78
ESCOLA DE PIRAGÜISMO	3421.212	65,34	108,90	29,04
MUSEO S.PAIO DE NARLA	3331.212	217,80	246,84	58,08
MUSEO DO MAR	3333.212	279,51	281,93	62,92
MUSEO PAZO DE TOR	3332.212	1.624,43	2.024,33	494,29
ESCOLA CAZA E PESCA DE TOR	1720.212	217,80	275,88	67,76
MAZO SANTA COMBA	1729.212	176,06	207,52	49,61
C.NAUTICO AUGAS MESTAS	9330.212	29,04	38,72	9,68
SERVIZO DE RECADACIÓN	9320.212	130,68	174,24	43,56
TODOS LOS CENTROS (NO PREVISTOS)	9200.212	1.803,93	1.955,30	451,33
TODOS LOS CENTROS (MANO DE OBRA)	9200.212	2.722,50	3.630,00	907,50
SUMA		24.142,95	27.123,30	6.358,55
TOTAL				57.624,80

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír



nos orzamentos das anualidades 2022 e 2023 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º- A empresa comprométese a realizar o mantemento programado polos seguintes prezos unitarios (Euros, sen IVE):

	REVISION	RETIMBRADO	REPOSICION	RECARGA
EXTINTOR 6 KG ABC	3.50	12.00	24.00	16.00
EXTINTOR 12 KG ABC	3.50	12.00	36.00	22.00
EXTINTOR 2 KG CO2	3.50	12.00	30.00	18.00
EXTINTOR 5 KG CO2	3.50	18.00	45.00	20.00
EXTINTORES ESPECIALES	3.50	12.00	22.00	16.00
PUERTAS CI	10.00	(*2)		
BIEs 45	8.00		70.00	
CENTRAL	20.00			
DETECTORES AUTONOMOS	2.00		25.00	
DETECTORES DE RED	2.00		25.00	
PULSADORES	2.00			

A empresa comprométese a realizar o mantemento correctivo ou modificativo en concepto de man de obra pola cantidade de 25,00 euros/hora, aos que haberá que engadir 5,25 euros en concepto de IVE (21 %), o que ascende a un total de 30,25 euros/hora.

A empresa comprométese a realizar os cursos de formación impartidos por técnico especialista, descritos no Cadro Resumo do PCAP e a realizar as prácticas de extinción nos distintos centros da Deputación sobre manexo de extintores e BIEs de 25, descritas no Cadro Resumo do PCAP.

3º.- O contrato terá unha duración de dous anos a executar desde o día seguinte á subscripción da acta de inicio e será prorrogable por un ano máis (2+1).

4º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DOS SEGUROS NECESARIOS PARA A COBERTURA INTEGRAL DA FLOTA DE EMBARCACIÓNS PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Lote I: Seguro de responsabilidade civil (P&I).

Lote II: Seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI).

Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12 de xaneiro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:



Proposta de inicio de expediente de contratación con CSV IV7G63SCLRMNZXZ4WAW4KHZOGQ².

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7G63S43FUT7H5S4H WX4L3OCA.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7G63S43J5Y5HO5UJVNOJDRN4.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7G6KHL2EMDQXPN24VTNZTF4I.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7GESXTP4R5RHO524X4K4I7C4.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7GES2MNQJZTK7JSUP4C4JVOQ.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7GEWSZKHZLTHEI5XXXOJDFH4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7GEUKZFFR4Z5MZSVIX4NCAM4.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de decembro de 2020, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7GEHTSNEJ7TLV7CZQHO4ABIU.

Acta da Mesa de contratación do día 15 de xaneiro de 2021, con CSV IV7HVXS33P4JSTWTAUGVCHYH6Q, na que se recolle o seguinte:

²Accesible no seguinte enlace <https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/pages/verification-code.htm>

“Primeiro.- Apertura e cualificación administrativa (sobre A).

Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

Lote I: Seguro de responsabilidade civil (P&I):

Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad. Seguros a PF (Murimar Seguros).

Lote II: Seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI):

Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.

Lote III: Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación:

Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.

Infórmase aos membros da Mesa de Contratación que, comprobouse con carácter previo á constitución da Mesa de Contratación que a documentación administrativa presentada polas tres empresas consta correctamente presentada tanto en forma coma en prazo, polo que a Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios de adxudicación non avaliados de forma automática, resultando o que se indica a continuación.

Segundo.- Apertura criterios avaliados automaticamente (sobre B).

Acto seguido procédese a apertura pública do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas), cos seguintes resultados:

Lote I. Seguro de responsabilidade civil.

Licitadora: Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad. Seguros a PF (Murimar Seguros).



Criterio 1.- Oferta económica. Ofrece a cantidade total de 14.573,26 euros para os dous anos (IVE exento).

Criterio 2.- Ofrece o importe de 1.000 euros de franquía xeral por sinistro (para accidentes que non sexan por colisión ou perda e danos materiais no a bordo).

Criterio 3.- Ofrece o importe de 2.500 euros de franquía para reclamacións de responsabilidade por colisión/abordaxe, e perda ou danos materiais no a bordo do buque asegurado.

Criterio 4.- Non ofrece melloras de coberturas: derogación da exclusión reclamacións derivadas da enfermidade coronavirus (Covid 19).

Lote II. Seguro obligatorio de viaxeiros (SOVI) .

Licitadora: Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.

Criterio 1.- Oferta económica. Ofrece a cantidade total de 1.639,40 euros para os dous anos (IVE exento).

Lote III. Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación.

Licitadora: Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.

Criterio 1.- Oferta económica. Ofrece a cantidade total de 24.407,50 euros para os dous anos (IVE exento). O importe máximo é de 24.480,86 euros.

Criterio 2.- Ofrece o importe de 500 euros de franquía xeral por sinistro.

Terceiro.- Valoración criterios avaliados automaticamente (sobre B).

Procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente que da o seguinte resultado:

LOTE I. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad. Seguros a PF (Murimar Seguros)	PUNTUACIÓN
1. Oferta económica	70
2. Importe da franquía xeral por sinistro (para accidentes que non sexan por colisión ou perda e danos materiais no a bordo)	10
3. Importe da franquía para reclamacións de responsabilidade por colisión/abordaxe, e perda ou danos materiais no a bordo do buque asegurado	10
4. Melloras de coberturas: derogación da exclusión reclamacións derivadas da enfermidade coronavirus (covid 19)	10
PUNTUACIÓN TOTAL	100

LOTE II. SEGURO OBRIGATORIO DE VIAXEIROS (SOVI) Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.	PUNTUACIÓN
1. Oferta económica	100
PUNTUACIÓN TOTAL	100

LOTE III. SEGURO DE CASCO/MÁQUINA E EQUIPOS ELECTRÓNICOS DE NAVEGACIÓN. Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.	PUNTUACIÓN
1. Oferta económica	70
2. Importe da franquía xeral por sinistro	30
PUNTUACIÓN TOTAL	100

Comprobouse que ningunha das ofertas se atopa en presunción de desproporcionada ou anormalmente baixa, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP.

(...)

Revisadas polo Servizo de Contratación as ofertas nesta mesma data, detectouse que, no Anexo III presentado pola licitadora Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, engade a seguinte nota no último parágrafo do documento:

“Nota: Con respecto al Lote III. Seguro de cascos y equipos electrónicos de navegación la Compañía se reserva el derecho de modificar las condiciones en caso de comportamiento deficiente de la siniestralidad de la póliza.”

Por este motivo, sendo as 13:23 horas do mesmo día, reúnese de novo a Mesa de Contratación, que acorda, por unanimidade, elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

A exclusión da proposición presentada por Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros para o lote III, Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación, por alterar o Anexo III do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares



(proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas) e introducir na súa oferta condicionantes non establecidos nos pregos que rexen a licitación.

A declaración de deserto do lote III, Seguro de casco/máquina e equipos electrónicos de navegación, por non ser admisible a única oferta presentada.

Outorgar aos licitadores admitidos aos lotes I e II as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

Lote I. Seguro de responsabilidade civil

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad. Seguros a PF (Murimar Seguros)	100

Lote II. Seguro obligatorio de viaxeiros (SOVI)

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros	100

Requirir ás compañías Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad. Seguros a PF (Murimar Seguros), para o lote I, e a Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, para o lotes II, para que, dentro do prazo de dez días hábiles presenten a documentación á que se refire o artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 12 de febreiro de 2021, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, dáse conta previamente de que detectouse un erro na puntuación dos criterios do lote 1, efectuada na anterior sesión da Mesa, que non afecta á proposta de licitadora mellor valorada nin ao orde de clasificación, tendo en conta que so se presentou unha licitadora:

No lote 1, nos criterios 2 e 3, establecíase no PCAP que “As proposicións en branco e as que non representen baixa serán valoradas con 0 puntos neste apartado”, polo que a puntuación destes criterios debe ser 0 e non a máxima de 10, xa que non melloraron a franquía máxima prevista.

En canto o criterio 4, tamén debe puntuarse con 0 puntos posto que a licitadora non ofertou melloras de coberturas.

En conclusión, a valoración do lote 1 é a seguinte:

LOTE I. SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad. Seguros a PF (Murimar Seguros)		PUNTUACIÓN
1. Oferta económica		70
2. Importe da franquía xeral por sinistro (para accidentes que non sexan por colisión ou perda e danos materiais no a bordo)		0
3. Importe da franquía para reclamacións de responsabilidade por colisión/abordaxe, e perda ou danos materiais no a bordo do buque asegurado		0
4. Melloras de coberturas: derogación da exclusión reclamacións derivadas da enfermidade coronavirus (covid 19)		0
PUNTUACIÓN TOTAL		70

LOTE II. SEGURO OBRIGATORIO DE VIAXEIROS (SOVI) Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.		PUNTUACIÓN
1. Oferta económica		100
PUNTUACIÓN TOTAL		100

Acto seguido, dase conta de que no servizo de contratación, e con carácter previo á constitución da mesa, de conformidade co texto único das instrucións de aplicación da LCSP, procedeuse á apertura dos requirimentos de documentación administrativa, cursados a través da Plataforma de contratación do sector público o día 25 de xaneiro de 2021 a Mutua de Riesgo Marítimo, Sdad Seguros a PF, Murimar Seguros, para o lote 1, e Helvetia, Compañía suiza, sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, para o lote 2, con prazo de presentación ata o día 8 de febreiro.

A compañía Mutua de Riesgo Marítimo, Sociedad Seguros a PF, Murimar Seguros, atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 4 de febreiro 2021 e completouno o mesmo día a través da sede electrónica da Deputación, por “imposibilidade técnica de enviar la escritura de constitución de Mutua de Riesgo Marítimo, Sociedad Seguros a Prima Fija (Murimar), por la Plataforma de Contratación del Estado, debido al peso del archivo”.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):



Presenta copias do CIF da empresa e do DNI do representante, D. Antonio Luis Peñafiel Pajuelo.

Aporta escritura de poder e bastanteo pola Asesoría Xurídica da Deputación de Lugo efectuado en data 29 de marzo de 2019, con ocasión dunha anterior licitación.

Aporta escritura de transformación en sociedade, outorgada en data 8 de setembro de 1987, na que consta como obxecto social o aseguramento de cascos de buques ou embarcacións marítimas e da responsabilidade civil dos mesmos. Consta inscrición no Rexistro mercantil de Madrid.

IAE: Presenta recibo do ano 2020 do Concello de Madrid no epígrafe 822, entidades aseguradoras de enfermidade e riscos diversos, así como declaración responsable de non se ter dado de baixa do IAE.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria de data 27 de xaneiro de 2021.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación positiva expedida por este servizo ao expediente.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 21 de xaneiro de 2021.

Presenta declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores.

En canto a habilitación profesional, presenta certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros do presente contrato.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva e consta carta de pago da Tesourería provincial, por importe de 728,66 euros.

Solvencia económica e financeira: Presenta certificado de depósito de contas de 2019 no Rexistro Mercantil de Madrid e informe de auditoría no que consta un volume anual de negocios (importe das primas netas imputadas ao exercicio), referido ao ano 2019 superior ao esixido no PCAP (11.146,22 €).

Solvencia técnica ou profesional: Presenta unha relación dos principais servizos realizados durante os tres últimos anos, por importe superior o mínimo de 5.201,57 euros. Non presenta certificados, mais consultada á Contabilidade da Deputación, constan pagos de primas anuais por importe superior.

A compañía Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, atendeu ao requirimento a través da Plataforma de Contratos do Sector Público o día 3 de febreiro de 2021.

Acto seguido procédese ao exame da documentación presentada co seguinte resultado:

Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Presenta copias do CIF da empresa.

Presenta copias dos DNI e escrituras de poder, que foron bastanteadas pola Asesoría Xurídica da Deputación, de D. Antonio Luis Soto Benavente e de Dña. Macarena Cristina Álvarez-Ossorio Yñiguez.

Aporta escritura de adaptación de estatutos de 28 de decembro de 1990, outorgada por Previsión Española, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros. Así mesmo, consta obxecto social de seguros e reaseguros no rolece e as escrituras de poder presentadas refírense ás escrituras da compañía.



Consta como obxecto social a práctica de operacións de seguros, reaseguros e capitalización dos ramos de vida e operacións complementarias e dos ramos distintos ao de vida. aseguramento de cascos de buques ou embarcacións marítimas e da responsabilidade civil dos mesmos. Consta inscrición no Rexistro mercantil de Sevilla.

Presenta, como alta no IAE, a liquidación do ano 1992 do Concello de Sevilla, no epígrafe 821, entidades aseguradoras de vida e capitalización. Presenta recibo de IAE do ano 2019 do mesmo Concello e declaración responsable de non se ter dado de baixa do IAE.

Aporta certificación administrativa positiva ou de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedida pola Axencia Tributaria de data 21 de xaneiro de 2021.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante, incorpórase certificación positiva expedida por este servizo ao expediente.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social do día 26 de outubro de 2020.

En canto á declaración responsable de que a entidade non se atopa en concurso de acredores, consta no certificado de inscrición no rolece emitido o 11.02.2021 que “no existen prohibiciones vigentes para contratar”.

En canto a habilitación profesional, presenta certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros do presente contrato.

Achega resgardo acreditativo da garantía definitiva e consta carta de pago da Tesourería provincial por importe de 81,97 euros.

Solvencia económica e financeira: Presenta contas de 2019 e 2018 nas que consta un volume anual de negocios (importe das primas netas imputadas ao exercicio), superior ao esixido

no PCAP (1.461,35 €). Aporta certificado de presentación de contas de 2018 e, consultada a información da web de Registradores de España, consta depósito das mesmas.

Solvencia técnica ou profesional: Presenta certificado da Consellería do Mar correspondente a 2018 e da Junta de Andalucía de varias anualidades que acreditan a realización das prestacións por mais de 681,96 euros.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, considera cumprimentado correctamente o trámite, de xeito que, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a Mutua de Riesgo Maritimo, Sdad Seguros A Pf (Murimar Seguros), a contratación do Lote I: Seguro de responsabilidade civil (P&I), por un importe de 14.573,26 euros para os dous anos (IVE exento), importe de 1.000 euros de franquía xeral por sinistro (para accidentes que non sexan por colisión ou perda e danos materiais no a bordo) e importe de 2.500 euros de franquía para reclamacións de responsabilidade por colisión/abordaxe, e perda ou danos materiais no a bordo do buque asegurado.

Adxudicar a Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, , a contratación do Lote II: Seguro obrigatorio de viaxeiros (SOVI), por un importe de 1.639,40 euros para os dous anos (IVE exento).

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinala, unha vez notificado o acordo.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.”



Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a Mutua de Riesgo Maritimo, Sdad Seguros A PF (Murimar Seguros), a contratación do Lote I: Seguro de responsabilidade civil (P&I), por un importe de 14.573,26 euros para os dous anos (IVE exento), importe de 1.000 euros de franquía xeral por sinistro (para accidentes que non sexan por colisión ou perda e danos materiais no a bordo) e importe de 2.500 euros de franquía para reclamacións de responsabilidade por colisión/abordaxe, e perda ou danos materiais no a bordo do buque asegurado.

Adxudicar a Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros, a contratación do Lote II: Seguro obligatorio de viaxeiros (SOVI), por un importe de 1.639,40 euros para os dous anos (IVE exento).

A distribución por anualidades é a seguinte:

LOTE	APLICACIÓN	IMPORTE 2021	IMPORTE 2022
LOTE I: SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL	4321.224	7.286,63 €	7.286,63 €
LOTE II: SEGURO OBRIGATORIO DE VIAXEIROS	4321.224	819,70 €	819,70 €

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 as cantidades indicadas, nas aplicacións correspondentes.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- A duración do contrato será de dous anos, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 1 de abril de 2021, con independencia da data en que se formalice, ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro. O contrato poderá prorrogarse ata dúas anualidades computadas de xeito individual nos termos establecidos no prego de prescricións técnicas, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos (2+1+1).

4º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale, unha vez notificado o acordo.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5.- PROPOSTA DE ADXUDICACION, SE PROCEDE, DA CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DE ACCIDENTES PARA OS PARTICIPANTES E ALUMNOS DAS ACTIVIDADES E CURSOS ORGANIZADOS POLA DEPUTACIÓN DE LUGO E USUARIOS DOS CAMs.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 12 de febreiro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:



“Antecedentes:

Actuacións preparatorias, que inclúen informes técnicos xustificativos da necesidade, a idoneidade e a proposta de inicio de expediente de contratación.

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7G44JOAB5KKVMI2PX4KETT5Y.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7G44JZ2H4PVK42WZNN75YS5Y.

Informe de Intervención relativo á existencia de crédito con CSV: IV7G6SKJLQXD6TX22N4TCVKO4A.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7G6QCNZL7TVCECYJPFMIRUA4.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7G44JZ2H4PVK42WZNN75YS5Y.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7G5WID2AX6TFPJTTUW45THGI.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV:IV7G6UA5GDULZHOSZVXCD4R654.

Fiscalización limitada previa do expediente con CSV:IV7G62CZYHYHD73JS2BUSEZH6PY.

Acordo da Xunta de Goberno de data trece de novembro de dous mil vinte , polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto con CSV: IV7G6KKDZNGT5FFTSJIBC4JAE4.

Publicación do Anuncio de Licitación no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 03 de decembro de 2020, deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados a este procedemento foron os seguintes:

LICITADORES
1.-HELVETIA CÍA. SUIZA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.
2.- PREVISIÓN BALEAR, M.P.S

Acto seguido procédese ao exame do Anexo III (modelo de proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas),cos seguintes resultados:

Helvetia Cía. Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros.

“Comprométense a:

a) Criterio nº 1: Prezo do contrato: Ofrece a cantidade total de 40.043,00 euros (IVE exento).

b) Criterio nº 2: Avance do sublímite de falecemento por accidente. Ofrece a cantidade total de 40.000,00 euros de capital mínimo asegurado (o capital mínimo garantido é 12.000,00 euros).

c) Criterio nº 3: Avance do sublímite de invalidez permanente. Ofrece a cantidade total de 40.000,00 euros de capital mínimo asegurado (o capital mínimo garantido é 12.000,00 euros).

d) Criterio nº 4: Avance do sublímite de asistencia sanitaria en centros de libre elección. Ofrece a cantidade total de 3.000,00 euros de gastos mínimos asegurados (limitada a 1.500,00 euros).”

Previsión Balear, M.P.S

“Comprométense a:



a) Criterio nº 1: Prezo do contrato: Ofrece a cantidade total de 84.468,00 euros para os dous anos (IVE exento).

b) Criterio nº 2: Avance do sublímite de falecemento por accidente. Ofrece a cantidade total de 30.000,00 euros de capital mínimo asegurado (o capital mínimo garantido é 12.000,00 euros).

c) Criterio nº 3: Avance do sublímite de invalidez permanente. Ofrece a cantidade total de 30.000,00 euros de capital mínimo asegurado (o capital mínimo garantido é 12.000,00 euros).

d) Criterio nº 4: Avance do sublímite de asistencia sanitaria en centros de libre elección. Ofrece a cantidade total de 3.000,00 euros de gastos mínimos asegurados (limitada a 1.500,00 euros).”

Analizadas posteriormente as ofertas polo Servizo de Contratación, detectouse que na oferta realizada por Helvetia alterouse a redacción do modelo de oferta económica publicado no PCAP e suprimiuse a expresión “.....euros para os dous anos (IVE exento)”.

Na sesión da Mesa de contratación, celebrada o 22 de decembro de 2020 infórmase aos integrantes da Mesa de Contratación que a compañía Helvetia o día 21.12.2020, presentou un escrito aclarando a súa oferta nos termos que se recollen a continuación:

“Les remitimos el presente informe con el objetivo de aclarar el importe de prima incluido en la oferta presentada en el expediente de contratación EXP0040PR20-ABO Contratación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo e usuarios dos CAM.

El modelo de Anexo III. Proposición económica con criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas matemáticas (Sobre B) presentado por Helvetia Seguros indica lo siguiente:

a) Criterio nº 1: Prezo do contrato:

Ofrece a cantidade total de 40.043,00 euros (IVE exento).

Por la presente confirmamos que dicho importe corresponde a un periodo de duración de 12 meses, es decir, se trata del importe anual de prima ofertado.

Por lo tanto, el importe de prima ofertado por Helvetia Seguros para el periodo de duración del contrato, dos años, asciende a 80.086,00 euros.

Sin más dilación y en base a lo anterior, rogamos tengan en cuenta la propuesta”

A Mesa acorda por unanimidade, adiar a decisión relativa de si admitir como aceptable a aclaración da oferta económica presentada por Helvetia entendendo que a prima ofertada de 40.043,00 euros (IVE exento) é anual, sendo o importe para os dous anos de 80.086,00 euros, ou se pola contra, enténdese alterada a oferta económica nun aspecto esencial polo que procedería a exclusión da oferta.

Na Mesa de Contratación celebrada o día 09.01.2021, deuse conta que na Mesa de Contratación celebrada o día 03.12.2020 procedeuse a apertura das ofertas económicas presentadas polas empresas Helvetia CÍA. Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros e Previsión Balear, M.P.S.,.

Posteriormente a compañía Helvetia o día 21.12.2020, presenta un escrito aclarando a súa oferta nos términos que se recollen a continuación:

“Les remitimos el presente informe con el objetivo de aclarar el importe de prima incluido en la oferta presentada en el expediente de contratación EXP0040PR20-ABO Contratación da póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo e usuarios dos CAM.

El modelo de Anexo III. Proposición económica con criterios avaliables automaticamente mediante fórmulas matemáticas (sobre B) presentado por Helvetia Seguros indica lo siguiente:

a) Criterio nº 1: Prezo do contrato: Ofrece a cantidade total de 40.043,00 euros (IVE exento).

Por la presente confirmamos que dicho importe corresponde a un periodo de duración de 12 meses, es decir, se trata del importe anual de prima ofertado.



Por lo tanto, el importe de prima ofertado por Helvetia Seguros para el periodo de duración del contrato, dos años, asciende a 80.086,00 euros.

Sin más dilación y en base a lo anterior, rogamos tengan en cuenta la propuesta presentada por Helvetia Seguros junto a las aclaraciones anteriores.”

Resumen das oferta económicas presentadas.

Criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas	HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SA DE SEGUROS Y REASEGUROS	PREVISIÓN BALEAR, M.P.S
Prima ofertada	40.043,00 euros (IVE exento). NON INDICA QUE A PRIMA É PARA OS DOUS ANOS.	84.468,00 euros para os dous anos (IVE exento).
Avance do sublímite de falecemento por accidente	40.000,00 euros	30.000,00 euros
Avance do sublímite de invalidez permanente	40.000,00 euros	30.000,00 euros
Avance do sublímite de asistencia sanitaria en centros de libre elección	3.000,00 euros	3.000,00 euros

Á vista do antedito, semella evidente que a compañía Helvetia modifica a proposición económica, polo que é de aplicación o establecido no artigo 139 da LCSP "las proposiciones de los interesados deberán ajustarse a los pliegos y documentación que rigen la licitación, y su presentación supone la aceptación incondicionada por el empresario del contenido de la totalidad de sus cláusulas o condiciones, sin salvedad o reserva alguna, así como ..." (...) ... en el caso que nos ocupa la proposición presentada por Helvetia presenta las siguientes características:

Varía sustancialmente el modelo establecido alterando su sentido.(tendo en conta que o modelo aprobado no PCAP e publicado na Plataforma tiña o seguinte teor literal:

a) Criterio nº 1: Prezo do contrato: Ofrece a cantidade total de.....euros para os dous anos (IVE exento).)

Polo tanto, entendemos que a aclaración da oferta non pode supoñer unha modificación dos términos da mesma, dado que a compañía omitiu do modelo aprobado a expresión “.....euros para os dous anos (IVE exento)” , polo que admitila implicaría un trato de favor ao interesado en detrimento dos outros licitadores e atentaría contra os principios de igualdade de trato e transparencia que deben primar nas licitacións públicas.(Ver Recurso nº 803/2019 CA del Principado de Asturias 53/2019 Resolución n.º 955/2019).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Excluir a oferta presentada por Helvetia, Compañía Suiza, S.A. de Seguros y Reaseguros.

Outorgar ao licitador concorrente as seguintes puntuacións e clasificalo atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDEN/LICITADORES	Criterios de adjudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas	OFERTA	PUNTUACIÓN
1/PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	Prima ofertada	84.468,00 euros para os dous anos (IVE exento).	55
	Avance do sublímite de falecemento por accidente	30.000,00 euros	15
	Avance do sublímite de invalidez permanente	30.000,00 euros	15
	Avance do sublímite de asistencia sanitaria en centros de libre elección	3.000,00 euros	15
			TOTAL: 100 PUNTOS

Requirir á mercantil Previsión Balear, M.P.S., para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba o requirimento, presente a documentación relativa ao artigo 150.2 do LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do PCAP.

A Proposta da mesa de contratación é aprobada mediante Resolución da Presidencia o día 01 de febreiro de 2021, CSV: IV7HQP7YKQJ73SZJYP55MFSPC4.

Consta no expediente requirimento de documentación administrativa cursado a través da plataforma de contratación do sector público o día 04 de febreiro de 2021.

Acreditase no expediente presentación de documentación administrativa por parte da empresa Previsión Balear, M.P.S., o día 05.02.2021 dentro do prazo concedido a tales efectos.

Reunida a Mesa o día de hoxe, en primeiro lugar, procedeuse ao exame da documentación presentada cos seguintes resultados:



Documentos acreditativos da personalidade, capacidade do empresario e da representación (artigo 84 da LCSP e 21 RXLCAP):

Achega copia do CIF da empresa e do DNI do representante, así coma escritura de constitución da empresa “Previsión Balear, M.P.S.”, con número de protocolo 40193, e inscrición no Rexistro Mercantil de Palma de Mallorca .

Consta no certificado de inscrición no rolece o apoderamento solidario a favor de Francisco Le-Senne Cotoner con facultades para “asistir o tomar parte a toda clase de subastas y concursos sin limitación de facultades, llenando y cumpliendo cuantos requisitos y formalidades se requieran, presentar, proposiciones, mejorarlas o retirarlas en la forma que proceda; constituir y retirar depósitos o fianzas para tomar parte; hacer o aceptar cesiones de remate y en fin realizar cuanto sea preciso hasta obtener la adjudicación definitiva, suscribiendo incluso los documentos públicos o privados que fueren necesarios para la adjudicación del bien o contrata”. Escritura de apoderamento emitida polo notario D. Victor Alonso-Cuevillas Fortuny e número de protocolo 4.193.

O obxecto social da empresa é adecuado para a execución do obxecto do contrato.

Achega declaración responsable de estar exento do imposto de actividades económicas en virtude do artigo 82 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, “Artículo 82. Exenciones d) Las entidades gestoras de la Seguridad Social y las mutualidades de previsión social reguladas en la Ley 30/1995, de 8 de noviembre, de ordenación y supervisión de los seguros privados” Así mesmo, no punto 2 do mesmo artigo reza “Los sujetos pasivos a que se refieren los párrafos a), d), g) y h) del apartado anterior no estarán obligados a presentar declaración de alta en la matrícula del impuesto”.

Achega Certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria de data 21 de decembro de 2020.

Consultouse ao servizo de recadación da Deputación Provincial de Lugo, no relativo as débedas coa administración contratante e incorpórase certificación positiva expedida por este servizo de data 09 de febreiro de 2021.

Achega certificación administrativa que acredita estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social de data 21 de decembro de 2020 .

Consta no certificado de inscrición no rolece emitido en data 11.02.2021 que Previsión Balear, Mutualidad de Previsión Social que “non existen prohibiciones vigentes para contratar”.

En canto a habilitación profesional presenta certificación acreditativa de estar inscrita no Rexistro de entidades aseguradoras da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, para o ramo de seguros do presente contrato.

Achega resgardo acreditativo da transferencia realizada en concepto da garantía definitiva por importe de 4.223,40 euros.

Solvencia económica e financeira:

Presenta declaración responsable do volume de negocios de Previsión Balear, Mutualidad de Previsión Social, durante os tres últimos exercicios (2017,2018 e 2019), así como as contas anuais do exercicio 2018 onde se indica o volume de negocios (importe das primas netas imputadas ao exercicio)excede do importe mínimo esixido de 79.038,75 euros. Que as contas anuais constan aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil.

Solvencia técnica ou profesional:

Aporta unha declaración responsable dos principais servizos realizadas de igual o similar natureza que as que constitúen o obxecto do contrato realizadas nos exercicios 2017,2018 e 2019 excedendo en cada un deles do importe mínimo esixido de 36.884,75 euros.

Non achega documento que conteña interlocutor coa Deputación Provincial de Lugo, non obstante no Anexo I se recolle como persoa de contacto a D. Francisco Le-Senne Cotoner, en nome e representación como Subdirector Xeral de Previsión Balear, Mutualidad de Previsión Social.



A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, e por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a contratación da Póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo e usuarios dos CAM-EXP0040PR20-ABO. á empresa Previsión Balear, M.P.S., por un importe máximo de 84.468,00 euros para os dous anos (IVE exento),co seguinte detalle:

Criterios de adxudicación avaliables mediante fórmulas matemáticas	PREVISIÓN BALEAR, M.P.S
Prima ofertada	84.468,00 euros para os dous anos. (IVE exento).
Sublímite de falecemento por accidente	30.000,00 euros
Sublímite de invalidez permanente	30.000,00 euros
Sublímite de asistencia sanitaria en centros de libre elección	3.000,00 euros

A duración do contrato será de dous anos, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2021, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición; neste caso, concretase ás 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2021 ao ser a data de vencemento da póliza vixente para as continxencias deste PCAP. O contrato poderá prorrogarse, se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse en dúas ocasións ata dúas anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 12:08 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da mesa, Certifico.

A presente asinase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar a contratación da Póliza de seguro de accidentes para os participantes e alumnos das actividades e cursos organizados pola Deputación de Lugo e usuarios dos CAM-EXP0040PR20-ABO. á empresa Previsión Balear, M.P.S., por un importe máximo de 84.468,00 euros para os dous anos (IVE exento),co seguinte detalle:

Criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas	PREVISIÓN BALEAR, M.P.S
Prima ofertada	84.468,00 euros para os dous anos. (IVE exento).
Sublímite de falecemento por accidente	30.000,00 euros
Sublímite de invalidez permanente	30.000,00 euros
Sublímite de asistencia sanitaria en centros de libre elección	3.000,00 euros

Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato financíase de acordo as seguintes anualidades,e con cargo á Aplicación Orzamentaria 9200.224 (Administración Xeral, Primas de Seguros).

Anualidade 2021: 42.234,00 €

Anualidade 2022: 42.234,00€

Existe consignación no orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 42.234,00 € .



A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade de 42.234,00€.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- A duración do contrato será de dous anos, con entrada en vigor a partir de las 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2021, con independencia da data en que se formalice ao tratarse de un contrato privado, suxeito en canto aos efectos e cumprimento ao dereito privado e singularmente á Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contratos de seguro, ao establecer no artigo 6º que por acordo das partes, os efectos de seguro poderán retrotraerse ao momento da solicitude ou de formalización da proposición; neste caso, concretase ás 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2021 ao ser a data de vencemento da póliza vixente para as continxencias deste PCAP. O contrato poderá prorrogarse , se ben a prórroga non poderá superar os 12 meses (1 ano), cada vez que se efectúe, puidendo prorrogarse en dúas ocasións ata dúas anualidades, sen que a duración total do contrato exceda dos 4 anos.

4º.-Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 da LCSP.

5º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, EN RELACIÓN CON REMANENTES DO PLAN ÚNICO 2020.

Escrito do Concello de Friol, solicitando a aplicación de remanentes producidos na adxudicación dos investimentos 102-103-104 do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 (PUC/20).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Friol, no que solicita a aplicación de remanentes producidos na adxudicación de investimentos (102-103-104) no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria que tivo lugar o 02/04/2020 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 03/04/2020.

Nas devanditas bases, concretamente na base 11, establécese “...Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, por unha soa vez, na mesma finalidade, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos unha única vez, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).



Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.

Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.

Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (Anexo III ou Anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.

Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.

...”

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2020 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria, en data 28/07/2020, figurando incluídas as obras que se sinalan e das cales se produce aforro ou remanente na adxudicación.

O Concello de Friol presentou Anexo III de obras incluídas no plan único, expresando os importes de baixas ou aforros que se indican a continuación, e en relación coas aplicacións orzamentarias detalladas pola intervención, e que se sinalan seguidamente:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	REMANENTE ACHEGA DEPUTACIÓN
FRIOL	102	MELLORA DE ACCESOS EN SANTA MARTA, SAN CIBRAO DE ARRIBA, RECAREI, SEOANE, ABRIGUEIRO E FONDEMERA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	41.646,81€
FRIOL	103	PAVIMENTACIÓN DE ACCESOS AOS NÚCLEOS DE MIRAZ, DEVESA, PORTOLAMAS E A BRAÑA, INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	14.905,02€
FRIOL	104	PAVIMENTACIÓN DO VIAL ROIMIL-SILVELA (TRAMO REGOELA-SILVELA), INCLÚIDO HONORARIOS	1531.76201	13.749,82€

Por escrito de data 10/02/2021 o concello solicita a aplicación destas baixas, nas seguintes actuacións relacionadas; constatándose que a aplicación dos remanentes se destina á mesma finalidade que as actuacións inicialmente propostas e nas que se ten producido a baixa respectiva, polos importes e financiamento que se indican:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FRIOL	REM	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS DE ACCESO AOS NÚCLEOS DE BRA, LEA E MONTECELOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	----	43.525,42€	43.525,42€
FRIOL	REM	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS DE ACCESO Á COOPERATIVA E CASAS DA NOITE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	---	26.766,23€	26.766,23€

Tendo en conta a solicitude do sinalado concello, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 11 das do Plan Único 2020, “...Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.

Conclusión

Polo que va dito, infórmase favorablemente a financiación dos investimentos identificados, polos importes indicados, con cargo aos aforros ou remanentes producidos na adxudicación de investimentos incluídos inicialmente polo Concello de Friol, no Plan Único 2020.

A vista do anterior, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Friol e incluír no PUC/20, como investimentos financiados con cargo aos remanentes producidos na adxudicación dos inicialmente incluídos, o investimento que deseguido se indica, debendo estar executado e xustificado nos prazos indicados inicialmente nas bases, co financiamento que se detalla:

CONCELLO	Nº	IDENTIFICACIÓN /DESCRIPCIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA DIPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL INVESTIMENTO
FRIOL	REM	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS DE ACCESO AOS NÚCLEOS DE BRA, LEA E MONTECELOS, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	----	43.525,42€	43.525,42€
FRIOL	REM	PAVIMENTACIÓN DE VIAIS DE ACCESO Á COOPERATIVA E CASAS DA NOITE, INCLUÍDO HONORARIOS	1531.76201	---	26.766,23€	26.766,23€



2º.- Dar traslado da presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta de aprobación, se procede, da segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social” na anualidade 2020, (aprobado por acordo de Xunta de Goberno de data 25 de setembro de 2020).

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, no que literalmente se establece:

“Asunto: Segunda addenda do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020.

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Antecedentes de feito:

A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de setembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 16.645,00 €, a favor da entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”, subvención incluída na Liña 1.1 – Xeración de riqueza, pertencente á Área de Presidencia do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022, e prevista no apartado c) de Actuacións específicas previsibles neste exercicio económico 2020 para esta liña (Anexo I).

2º.- Aprobar o gasto de 16.645,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9250.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2020, a favor da entidade Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do Local Social”.

3º.- Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención, e que se incorpora ao expediente.”

O convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, formalizouse o 6 de outubro de 2020.

A Xunta de Goberno desta Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de decembro de 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Modificar a cláusula sétima (Xustificación e aboamento da subvención, e Gastos subvencionables) do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, formalizado o 16 de outubro de 2020, nos termos da addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de



Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, formalizouse o 30 de decembro de 2020.

O representante da Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido remitiu, o 11 de febreiro de 2021, á Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento (EXP. 2021/PES_03/002156) escrito no que literalmente se solicita:

“Que se proceda a unha modificación do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación de Lugo á Asociación de Veciños San Sebastián de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Reparación da cuberta e escaleiras do local social" para que no mesmo se contemple a posibilidade de solicitar por parte desta asociación un anticipo do 50% do importe total da subvención, posto que o necesitamos para facer fronte ao pago das facturas derivadas desta actuación“.

O que se pretende é a modificación da cláusula sétima e a cláusula adicional do citado convenio de referencia, formalizado o 6 de outubro de 2020, que quedarías redactadas da seguinte forma,

Cláusula sétima- Xustificación e aboamento da subvención.

“(…)

Documentación xustificativa da execución da actuación subvencionable.

A xustificación da subvención realizarase mediante a achega, por parte do beneficiario, da seguinte documentación:

Solicitud debidamente cumprimentada.

Memoria da actuación, xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio canalizador da subvención, con indicación das actividades realizadas, o custo total e os resultados obtidos, debidamente asinada pola persoa responsable.

Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterà:

Declaración do custo total da actividade subvencionada, indicando os importes de financiamento (debendo constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).

Relación clasificada de gastos polo custo total da actividade subvencionada, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data de pago, así como a contía dos gastos que se imputan á subvención. Debe constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade.

No caso de relacionarse nóminas, deben vir desglosados: o salario líquido, a seguridade social a cargo da empresa, a seguridade social a cargo do traballador e o IRPF.

Soamente será necesario indicar as datas de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia no parágrafo anterior, achegándoas polo custo total da actuación subvencionada.

Cando se trate da xustificación de subvencións en investimentos propios de obras, que polo seu importe non sexan considerados contratos menores de obras, achegarase certificacións de obra e acta de recepción da mesma. Non obstante, cando os investimentos, polo seu importe, sexan considerados contratos menores de obras, esta documentación poderá ser substituída, previa comunicación á Deputación polo beneficiario, por un informe favorable emitido por un técnico competente desta entidade trala súa comprobación “*in situ*”.

Dúas fotografías do investimento realizado.



No caso de non tramitarse o anticipo contemplado neste convenio, a Entidade beneficiaria deberá achegar a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas, que son obxecto desta subvención.

Compromiso do beneficiario de destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

Declaración responsable na que se indique e xustifique a causa das desviacións, que de ser o caso, acaecesen entre o orzamento estimado e o gasto efectivamente xustificado.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que, segundo o establecido no artigo 7 da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, non poderán aboarse en efectivo as operacións, nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 2.500,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira. A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.2 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data _____”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (Aplicarase a normativa vixente en cada momento).

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que, a actividade, actuación ou comportamento obxecto da subvención foi realizada, na súa totalidade, co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable na que se faga constar que, o beneficiario non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable de que o beneficiario asumiu ou non, o custo do Imposto sobre o valor engadido (IVE), por ter ou non a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo, e que este extremo se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.



Documento emitido pola entidade bancaria, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No caso de non executarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, achegarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-311000****. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, máis os correspondentes xuros de mora devengados dende a data do pago do anticipo ata a data na que se acorde a procedencia de reintegro ou, ata a data na que o beneficiario ingrese o reintegro -anticipo-, de producirse con anterioridade ao citado acordo.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola entidade beneficiaria. Non se procederá ao seu aboamento no caso de que a entidade beneficiaria non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.

O incumprimento destas condicións será causa de perda da subvención concedida por incumprimento das obrigas do beneficiario, de conformidade co sinalado nos artigos 14, 18.4 e concordantes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

(En todas as declaracións, que deberán vir asinadas dixitalmente, deberá constar o nome da actuación subvencionable e a anualidade).”

Cláusulas adicionais

“Primeira.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado de ata o 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 8.322,50 €, con dispensa de garantía, tendo en conta a solicitude da Entidade beneficiaria que obra no expediente.

A Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no seu artigo 34.4. establece que poderán realizarse pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

De acordo coa base 24ª.8 das Bases de Execución do Orzamento vixente, poderán realizarse anticipos a conta de subvencións superiores ou iguais a un importe de 3.000,00€, con dispensa de garantía, naquelas circunstancias debidamente motivadas, para as que se acredite a imposibilidade ou notoria dificultade de realizar a actividade doutro xeito.

En ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando, fose solicitada a declaración de concurso voluntario, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, ter sido declarados en concurso, salvo que neste adquirira a eficacia un convenio, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme á Lei 22/2003, do 09 de xullo, Concursal, sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

Para o aboamento do devandito anticipo a Entidade beneficiaria deberá achegar en cada anualidade a seguinte documentación:

Solicitud do anticipo.

Certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Declaración responsable na que se faga constar que o beneficiario non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

Documento bancario no que se indique o número de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a solicitud achegada.



Detalle do nivel de execución do gasto, indicativo da fase na que se atopa a realización da actuación subvencionada, que deberá ser acreditado mediante a achega de facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil.

O beneficiario achegará a documentación que acredite que conta cos permisos ou autorizacións requiridas para realizar as actuacións proxectadas e que son obxecto desta subvención.

Segunda.- Bens inventariables.

De conformidade co establecido no artigo 31 da LXS, no suposto de adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables, seguiranse as seguintes regras:

O beneficiario deberá destinar os bens ao fin concreto para o que se concedeu esta subvención, por un período mínimo de dous anos.

O incumprimento da obriga de destino referida anteriormente, que se producirá, en todo caso, co alleamento ou o gravame do ben, será causa de reintegro, nos termos establecidos no capítulo II do título II da LXS, quedando o ben afecto ao pago do reintegro calquera que sexa o seu posuidor, salvo que resulte ser un terceiro protexido pola fe pública rexistral.

Non se considerará incumplida a obriga de destino referida no parágrafo anterior cando, os bens foran substituídos por outros que sirvan en condicións análogas ao fin para o que se concedeu a subvención, e este uso se manteña ata completar o período establecido, sempre que a substitución fora autorizada pola Deputación de Lugo”.

Consideracións xurídico-administrativas:

Na cláusula Décimo cuarta (Vixencia do Convenio e modificación), do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no

financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, establécese que:

“A vixencia do convenio comezará no momento da súa formalización, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2020, e manterá a súa vixencia ata a aprobación da conta xustificativa e o seu aboamento que, -salvo prórroga expresa antes da súa finalización- será o 31 de xaneiro de 2022, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2021, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

En calquera momento e antes da finalización do prazo de vixencia do convenio, os asinantes poderán acordar, de mutuo acordo, a súa prórroga, por razóns excepcionais e xustificadas, dentro dos límites legais, ou a súa extinción.

O anterior é, sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera dar lugar, e das obrigas que incumban ao beneficiario, así como ao deber de conservación de documentos que lle impón a normativa vixente.

Calquera modificación e/ou ampliación do presente convenio efectuarase por acordo entre as partes, mediante a subscrición da addenda de modificación respectiva.”

No artigo 20 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das AAPP, en relación coa responsabilidade da tramitación, recollese que:

“1. Os titulares das unidades administrativas e o persoal ao Servizo das Administracións Públicas que tivesen ao seu cargo a resolución e o despacho dos asuntos, serán responsables directos da súa tramitación e adoptarán as medidas oportunas para remover os obstáculos que impidan, dificulten ou retrasen o exercicio pleno dos dereitos dos interesados e o respecto aos seus intereses lexítimos dispoñendo o necesario para evitar e eliminar toda anormalidade na tramitación dos procedementos”.

En canto ao órgano competente para aprobar esta segunda addenda ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras



do local social”, na anualidade 2020, é a Xunta de Goberno, por ser o órgano que aprobou a concesión da mesma.

Conclusiones

Por todo o exposto, tendo en conta que o convenio está vixente, que o beneficiario ten a vontade de cumprir cos compromisos asumidos no convenio e alcanzar así a finalidade pretendida, isto é, os fins de interese público ou xeral que xustifican esta acción de fomento, e que a proposta de addenda ao convenio é axustada á dereito, infórmase favorablemente a devandita segunda addenda no sentido indicado.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Modificar a cláusula sétima e as cláusulas adicionais do convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional outorgada pola Deputación Provincial de Lugo á entidade Asociación de Veciños San Sebastian de Carballido, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Reparación da cuberta e escaleiras do local social”, na anualidade 2020, formalizado o 6 de outubro de 2020, nos termos da segunda addenda incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto de cláusulas do Convenio de referencia.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO DE REINTEGRO Á CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor.

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Resolución do procedemento de reintegro.

Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), formalizado o 3 de febreiro de 2009.

En relación ao asunto de referencia, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítese o seguinte informe:

Primeiro: O Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), formalizouse o 3 de febreiro de 2009.

Segundo: O devandito Convenio foi ratificado por Decreto de Presidencia (de data 31 de marzo de 2009) e por acordo da Xunta de Goberno (en sesión ordinaria celebrada o 3 de abril de 2009).

Terceiro: Dende a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A remitíronse escritos (o 28 de decembro de 2017 -Rex. Entrada 38180-, o 26 de decembro de 2018 –Rex. Entrada 34899- e o 15 de novembro de 2019 -2919RPE022236-) dirixidos ao Servizo de Contratación e Fomento nos que se solicita e reitera o abono da cantidade de 56.718,68 € en concepto de gastos derivados do Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), concretamente os gastos que se relacionan a continuación:

Por “justiprecios JUPE 2017”: 45.319,97 € (que é o 30 % de 151.066,57 €).

Por “intereses demora” (2017): 11.398,72 € (que é o 30 % de 37.995,70 €).

Cuarto: A Axencia Tributaria (A.E.A.T) remitiu, o 12 de marzo de 2020 un documento de pago (período executivo de pago) no que se reclama a cantidade de 56.718,68 € en concepto de “Ingresos de REC. de O.E.P. Gestionados por la AEAT 2019 cofinanciación río Eo en Chousa”.



Quinto: Por resolución presidencial, de data 20 de abril de 2020, prestouse aprobación á proposta do Servizo de Contratación e Fomento –Área de Presidencia- de aprobar o pago da achega provincial, por importe de 56.718,68 €, en concepto de gastos derivados do convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da Chousa de Abaixo de Villaodríz T.M de A Pontenova (Lugo), formalizado o 3 de febreiro de 2009, á Axencia Estatal de Administración Tributaria –AEAT- sen prexuízo de reclamar como ingreso indebido, se procede, á Confederación Hidrográfica do Cantábrico O.A a cantidade correspondente aos xuros de mora”.

Sexto: Por resolución presidencial, de data 30 de decembro de 2020, resolveuse prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º. Aprobación da conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do Convenio de Colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico do Ministerio de Medio ambiente, e Medio Rural e Marino e a Deputación Provincial de Lugo para o desenvolvemento das obras de acondicionamento do cauce e marxes do río Eo na zona da corresponde aos “justiprecios JUPE 2018”:

2º. Aprobación do gasto por importe de 1.269,19 € en concepto de “justiprecios JUPE 2018” derivados da execución do citado convenio a favor da Confederación Hidrográfica do Cantábrico O.E.

3º. Que se inicie o procedemento de reintegro por importe de 10.352,83 € (11.622,02 €- 1.269,19 €) a Confederación Hidrográfica do Cantábrico O.E”.

Dita cantidade calculouse en base ao cálculo de intereses ata a data da resolución presidencial (liquidación provisional de xuros de mora).

Sétimo: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1º.- “Acordar o inicio do procedemento de reintegro á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A por importe de 10.378,99 € .

2º.- Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de quince día hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acto, a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A poida alegar e presentar os documentos ou xustificantes que estime pertinentes.

Ao efectos de proceder ao ingreso do importe obxecto de reintegro, o mesmo efectuarase na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/002305”.

Dita cantidade calculouse en base ao calculo de intereses ata a data do acordo da Xunta de Goberno (liquidación provisional de xuros de mora)

Oitavo: O acordo da Xunta de Goberno foi notificado (por SIR) o 19 de xaneiro de 2021.

Noveno: Dende a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A, presentáronse alegacións dentro do trámite de audiencia establecido.

Décimo: Tendo en conta que dende a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A non se ingresou o importe obxecto de reintegro (que ata a data 15 de xaneiro de 2021 ascendía a 10.378,99 € -liquidación provisional- resultado de restar ao capital principal (11.398,72 €) e os xuros de mora (249,46 €) -11.648,18 €-os 1.269,19 € en concepto de “justiprecios JUPE 2018”) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento solicitouse a Tesouraría informe relativo ao importe dos xuros de mora da cantidade a reintegrar -11.398,72€ -dende a data de pago da mesma á AEAT (o 24 de abril de 2020) ata o 19 de febreiro de 2021 (data na que se elevará á Xunta de Goberno a resolución do procedemento de reintegro)

Décimo primeiro: Dende a Tesouraría da Deputación emitíuse o seguinte informe relativo ao calculo dos xuros de mora:



“CÁLCULO DE XUROS DE MORA SERVIZO CONTRATACIÓN.- SECCIÓN DE FOMENTO

ENTIDADE : CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO

REINTEGRO ACHEGA CONVENIO DE COLABORACIÓN

PAGAMENTO : 56.718,68 € O DÍA 24/04/2020

CANTIDADE A REINTEGRAR: 11.398,72 €

DATA REINTEGRO: 19/02/2021

DENDE	ATA	DÍAS	CAP.ACUM.	% XUROS	TOTAL
24/04/2020	1/12/2020	3252	11.398,72 €	3	235,45€
01/01/2021	19/02/2021	50	11.398,72 €	3	46,84 €

TOTAL XUROS 282,29€”

Por todo o exposto informase favorablemente que, pola Xunta de Goberno, órgano competente para acordar a resolución do procedemento de reintegro, se adopte o seguinte acordo:

Desestimar as alegacións presentadas dende a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A.

Que a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A, reintegre o importe da cantidade adeudada polo principal (11.398,72 €) e o importe dos xuros de mora (282,29 €) menos os 1.269,19€ en concepto de “justiprecios JUPE 2018”.

Que o pago da cantidade total adeudada (10.411,82 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/002305” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos temos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria”.

En base ao anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- A Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A, debe reintegrar o importe de 10.411,82 €.

2º.- O pago da cantidade total adeudada (10.411,82 €) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/002305” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO DE REINTEGRO Á CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Resolución do procedemento de reintegro.

Convenio de Colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e a Excma. Deputación Provincial de Lugo, para financiar as actuacións do Plan Marco Programa de Mellora



de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con FEADER no marco do PDR de Galicia, de data 17 de outubro de 2014.

En relación ao asunto de referencia dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítese o seguinte informe:

Primeiro: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“”Aprobar o convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural “AGADER” e esta Excm. Deputación Provincial para o desenvolvemento na provincia de Lugo do “Programa de mellora de Camiños de titularidade municipal 2014-2015, financiado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER)”.

Aprobar o gasto en concepto de achega económica para o financiamento das actuacións contempladas no convenio, por parte desta Deputación que ascende á cantidade de 741.397,98 €, dos que 349.945,07 € corresponden á anualidade 2014, adquirindo o compromiso de incluír nos orzamentos do ano 2015 os 391.992,91 € restantes, tendo en conta que se trata dun gasto plurianual, e polo tanto a súa aprobación queda supeditada á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira”.

Segundo: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de agosto de 2014, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e esta Deputación Provincial para financiar as actuacións do Plan Marco “Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015”, cofinanciado con FEADER no Marco do PDR de Galicia, en substitución do texto do convenio de colaboración entre esta Excm. Deputación Provincial de Lugo e a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural “AGADER” para o desenvolvemento na provincia de Lugo do “Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015”, financiado co FEADER, previamente aprobado pola Xunta de Goberno de 18 de xullo de 2014.

Aprobar o cambio no importe das anualidades contempladas no convenio de referencia, quedando establecidas na forma que se indica no cadro de abaixo:

2014	2015	TOTAL DEPUTACIÓN LUGO
275.248,71 €	466.689,26 €	741.937,97 €

Terceiro: O convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e esta Deputación Provincial para financiar as actuacións do Plan Marco “Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015”, cofinanciado con FEADER no Marco do PDR de Galicia, formalizouse o 17 de outubro de 2014.

Cuarto: Por resolución presidencial, de data 7 de xaneiro de 2021, resolveuse:

1º.- Aprobar a conta aportada para a xustificación dos gastos enmarcados dentro do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Mar e a Excm. Deputación Provincial de Lugo, para financiar as actuacións do Plan Marco Programa de Mellora de camiños de titularidade municipal 2014-2015, cofinanciado con FEADER no Marco do PDR de Galicia, por importe de 669.487,92 €.

2º.- Iniciar o procedemento de reintegro por importe de 72.450,05 € (741.937,97 € - 669.487,92 €), xunto cos intereses de mora correspondentes, trala aprobación da conta xustificativa, tendo en conta que a Deputación de Lugo abonou o 100 % da contía comprometida pola Deputación.

Quinto: A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o día 15 de xaneiro de 2021, acordou, por unanimidade dos asistentes, prestar aprobación á seguinte proposta:

“1º.- Acordar o inicio do procedemento de reintegro á Consellería do Medio Rural e o Mar por importe de 82.212,99 € .

2º.- Acordar a apertura do Trámite de Audiencia para que, no prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación deste acto, a Consellería do Medio Rural e o Mar poida alegar e presentar os documentos ou xustificantes que estime pertinentes.



3º.- Ao efectos de proceder ao ingreso do importe obxecto de reintegro, o mesmo efectuarase na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 10000XXX, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/000002.”.

Sexto: Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento notificouse, o 19 de xaneiro de 2021 á Consellería do Medio Rural e do Mar (a través do SIR) o contido do acordo da Xunta de Goberno.

Sétimo: Tendo en conta que dende a Consellería do Medio Rural e o Mar non se presentaron alegacións dentro do prazo do trámite de audiencia nin se ingresou o importe obxecto de reintegro mais os xuros de mora correspondentes (que a data 15 de xaneiro de 2021 ascendía a 82.212,99 € -liquidación provisional), dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento solicitouse informe actualizado dos xuros de mora da cantidade a reintegrar -72.450,05 €- dende a data de pago da mesma (o 20 de xullo de 2016) ata o 19 de febreiro de 2021 (data na que se elevará á Xunta de Goberno a resolución do procedemento de reintegro).

Oitavo: Dende a Tesouraría da Deputación emitíuse o seguinte informe relativo ao calculo dos xuros de mora:

“CÁLCULO DE XUROS DE MORA SERVIZO DE CONTRATACIÓN- SECCIÓN DE FOMENTO

ENTIDADE: CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O MAR

REINTEGRO ACHEGA CONVENIO DE COLABORACIÓN

DATA DE PAGAMENTO: 20/07/2016

CANTIDADE A REINTEGRAR: 72.450,05 EUROS

DATA DE REINTEGRO: 19/02/2021

DENDE	ATA	DÍAS	CAP.ACUM.	% XUROS	TOTAL
20/07/2016	31/12/2016	165	72.450,05	3	979,86
01/01/2017	31/12/2017	365	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2018	31/12/2018	365	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2019	31/12/2019	365	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2020	31/12/2020	366	72.450,05	3	2.173,50
01/01/2021	19/02/2021	50	72.450,05	3	297,74
TOTAL XUROS					9.971,60

Por todo o exposto informase favorablemente que, pola Xunta de Goberno, órgano competente para acordar a resolución do procedemento de reintegro, se adopte o seguinte acordo:

Que a Consellería do Medio Rural e o Mar debe reintegrar o importe da cantidade adeudada polo principal (72.450,05 €) e o importe dos xuros de mora (9.971,60 €).

Que o pago da cantidade total adeudada (82.421,65€) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/000002” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte

O vencemento do prazo de ingreso en período voluntario, sen facerse efectiva a débeda, determinará o inicio do procedemento de apremio, o devengo dos xuros de mora e dos recargos do período executivo nos temos previstos no artigo 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria en relación co artigo 10 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.”.

En base ao anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno que adopte o seguinte acordo:

1º.- A Consellería do Medio Rural e o Mar debe reintegrar o importe da cantidade adeudada polo principal (72.450,05 €) mais o importe dos xuros de mora (9.971,60 €).

2º.- O pago da cantidade total adeudada (82.421,65€) deberá efectuarse na conta da entidade ES04 2080 0163 8531 1000xxxx, indicando o concepto “Reintegro EXP. 2020/XEN_01/000002” nos seguintes prazos:

Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 1 e 15 de cada mes, o prazo finalizará o día 20 do mes posterior, ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.



Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e último de cada mes, o prazo finalizará o día 5 do segundo mes posterior ou se este non fose hábil ata o inmediato hábil seguinte.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO GASTO REFERENTE A SERVIZOS E/OU SUBMINISTRACIÓNS DE MATERIAL NON INVENTARIABLE.

Recoñecemento da obriga e pago das facturas correspondentes a Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe de data 17/02/2021, emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, xunto co expediente da súa razón, que na parte súa bastante sinala:

“(…)

Trasládáronse dende a Intervención Provincial a este Servizo, facturas polos conceptos e importes que de seguido se detallan:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	REXISTRO XERAL		CONCEPTO E Nº DE EXPEDIENTE DO GTM	IMPORTE DA FACTURA
			DATA DE ENTRADA	NÚMERO		
Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L.	489	31/12/2018	28/01/2019	1.818	Subministración ao Parque Móbil, no mes de decembro do 2018, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. 2020/FAC_01/003136	199,65 €
Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L.	174	30/04/2019	10/05/2019	11.018	Subministración ao Parque Móbil, no mes de abril do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. 2020/FAC_01/003137	199,65 €
TOTAL						399,30 €

Visto que consta:

As propias facturas con entrada no Rexistro Xeral, e con dilixencia cada unha delas (de data 06/02/2019 no caso da factura N° 489 e de data 01/07/2019 no caso da factura N° 174), de que as subministracións están verificadas, precisando o “conforme” coas cantidades e cos prezos, e conformadas polo naquelas datas Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial.

Declaración responsable asinada en data 08/12/2020, polo representante de Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L., en modelo normalizado, de que dita entidade ten plena capacidade de obrar e dispón de habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións, de que non se atopa incurso na prohibición de contratar, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social, de non ter débedas con esta Deputación, e de atoparse de alta no Imposto de Actividades Económicas nunha actividade acorde ás prestacións desenvolvidas, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigas durante todo o procedemento, e a comunicar calquera variación nas mesmas.

Memoria xustificativa para cada unha das facturas relacionadas (de data 06/02/2019 para a factura N° 489, e de data 01/07/2019 para a factura N° 174), explicitando as razóns polas que se incumpriu o procedemento administrativo, e xustificando a necesidade de realización das prestacións, emitidas dende o Parque Móbil.

Os seguintes informes do Parque Móbil, de data 30/04/2020:

En relación á factura N° 489:

Informe no que se dí que o subministro realizado é un envase de gas necesario para o funcionamento da soldadura, que é indispensable para traballar no taller do Parque Móbil.

En relación coa factura N° 174:

Informe no que se dí que o subministro realizado é un envase de gas necesario para o funcionamento da soldadura, que é indispensable para traballar no taller do Parque Móbil.



Informe – Proposta do Servizo de Contratación e Fomento, de data 10/12/020, no que consta a xustificación da necesidade de realización das prestacións, por parte do órgano de contratación.

Resolución da Presidencia, de data 09/02/2021, levantando o reparo de Intervención e os seus efectos suspensivos.

Na proposta de decreto de data 02/02/2021, sobre discrepancias en relación co recoñecemento de obrigas dos anos 2018 e 2019 con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL, reflíctense os seguintes antecedentes:

“(…)

“Informe de intervención

Asunto: Recoñecemento de obrigas do ano 2018 e 2019, con nota de reparo do artigo 216.2.c) do TRLRFL, por omisión de requisitos e trámites esenciais:

O obxecto do presente informe refírese ás facturas da empresa Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L. que seguidamente se relacionan:

Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	CONCEPTO	APLICACIÓN	ADO
489	31/12/2018	199,65 €	Subministración ao Parque Móbil, no mes de decembro do 2018, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. 2020/FAC_01/003136	9201.22111	92020/9258
174	30/04/2019	199,65 €	Subministración ao Parque Móbil, no mes de abril do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria. 2020/FAC_01/003137	9201.22111	92020/9260
SUMA		399,30 €			

Logo de ver as facturas debidamente conformadas, e informe do Parque Móbil, e do Servizo de Contratación e Fomento, que achegan cas facturas, e así como efectuada a comprobación por parte desta Intervención de que as mesmas non constan aprobadas na contabilidade Provincial.

A que subscribe, en exercicio da función de fiscalización do artigo 4.1.a) do R.D. 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emite o seguinte informe:

Os gastos foron realizados no exercicio 2018 e 2019, non que existía crédito dispoñible suficiente, segundo informe do Xefe de Servizo de Contabilidade e Contas, que se achega, constando na Memoria Xustificativa da unidade administrativa competente para a tramitación dos mesmos, que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención de partida durante todo ano en curso.

Existe consignación adecuada e suficiente no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación anterior, polo importe total de 399,30 euros.

Segundo o artigo 214 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (en adiante TRLRFL), a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicable en cada caso.

Polo exposto, e segundo os artigos 215 a 217 TRLRFL, artigos 14 e 15 do RD 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local (en adiante RD 424/2017), e base nº 36 de execución do orzamento, a que subscribe pon de manifesto nota de reparo de acordo co disposto no artigo 216.2.c) do TRLRFL, con efectos suspensivos, por desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ser gastos periódicos e repetitivos de duración superior ao ano, incumprindo o artigo 29.8 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o informado polo Servizo de Contratación e Fomento, en consecuencia, falta procedemento de contratación e aplicación das regras contidas na citada normativa contractual, ase como incumprimento da normativa orzamentaria por carecer da autorización e compromiso previo ao recoñecemento ou liquidación da obriga, segundo os artigos



184 do TRLRFL, 54, 56 e 58 do RD 500/90 do 2 de abril, polo tanto incumprindo requisitos esenciais ós efectos do artigo 216.2.c) do TRLRFL, tal como recolle a base 36 de execución do orzamento 2020, considerando requisitos ou trámites esenciais os extremos a verificar en réxeme de requisitos básicos e adicionais aprobados polo Pleno, en aplicación do artigo 13 do RD 424/2017.

Segundo o artigo 217 do TRLRFL e 14 15 do RD 424/2017, cando o órgano ao que afecte o reparo non este de acordo con este, plantexará ó Presidente da entidade local unha discrepancia no prazo de 15 días, esta deberá ser motivada, por escrito, con cita dos preceptos legais en que sustente o seu criterio.

Resolta a discrepancia poderase continuar coa tramitación do expediente, deixando constancia en todo caso, da adecuación ao criterio fixado na resolución correspondente ou, no seu caso, á motivación para a non aplicación dos criterios establecidos polo órgano de control. A resolución da discrepancia e indelegable, deberá recaer no prazo de 15 días, sendo executiva.

Infórmase, por recomendación do Consello de Contas, no relativo ás consecuencias e responsabilidades das autoridades e persoal ao servizo das Administracións Públicas, que derivan da realización de gastos sen consignación orzamentaria e da vulneración total ou parcial do procedemento de contratación, a aplicación do disposto na Disposición Adicional 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público “Responsabilidade das autoridades e do persoal ao servizo das Administracións Públicas”, e artigos 28 e 30 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sobre infraccións e sancións.

De acordo co artigo 218.3 do TRLRFL o órgano interventor remitirá anualmente ao Tribunal de Contas todas as resolucións e acordos adoptados polo Presidente da Entidade Local e polo Pleno contrarios ós reparos formulados.”

“Informe da unidades xestora relativo ao informe de intervención de data 21 de decembro de 2020, sobre recoñecemento de obrigacións con nota de reparo do art. 216.2.c) do TRLRFL.

En relación coas facturas seguintes:

ACREDORES	Nº FACTURA	DATA	IMPORTE	APLICACIÓN
LUCENSE SUMINISTROS DE GASES INDUSTRIALES, S.L.	489	31/12/18	199,65	9201.22111
LUCENSE SUMINISTROS DE GASES INDUSTRIALES, S.L.	174	30/04/19	199,65	9201.22111
SUMA			399,30	

Procede informar:

Son certos os datos expresados no informe emitido pola Intervención Provincial de data 21 de decembro de 2020.

Non obstante os motivos polos cales se realizaron os subministros son os seguintes:

Debido a que está en trámite un contrato para subministro de materiais para o mantemento e reparación dos vehículos e maquinaria do Parque Móbil e Granxa Gayoso Castro, así como que os subministros eran urxentes para poder seguir traballando en boas condicións, foi necesario validar a factura.

O período do aludido subministro foi decembro de 2018 e abril de 2019.

A cantidade a aboar á empresa ascende a 399,30 euros (I.V.E. incluído).

Garantías: Debido ás características da prestación realizada, non procede a existencia de garantía.

A valoración corresponde ás estritamente necesarias para a prestación do subministro, e os prezos aplicados son os habituais do mercado.

A unidade administrativa, ao ser un gasto de imputación ao orzamento do exercicio do ano 2021, informa de que non existe impedimento ou limitación algunha a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atención da partida durante todo o ano en curso.

En base ao exposto proponse:



O levantamento do reparo valorado pola Intervención Provincial en data 21 de decembro de 2020 e o aboamento das facturas citadas anteriormente.”

Así mesmo, con data 14/01/2021, dende o Servizo de Contabilidade e Contas emitíuse informe para cada unha das facturas, nos que se dí que existía crédito dispoñible no exercicio de procedencia polo importe total das facturas, no nivel de vinculación da aplicación orzamentaria 18/9201.22111 para a factura Nº 489, e 19/9201.22111 para a factura Nº 174, informando que igualmente existe consignación suficiente e axeitada no orzamento en vigor, para atender ditos gastos, na aplicación orzamentaria 21/9201.22111.

Intervención, con data 15/01/2021, emitiu informe no que dí que se reitera no informado en data 21 de decembro do 2020, agás no referente á consignación, dado que non foron aprobadas as obrigas no ano 2020, polo que informa que as facturas consígnanse con cargo ao exercicio 2021 (aplicación 9201.22111; ADO: 92021/111 e ADO: 92021/112).”

Consideracións

Levantado o reparo, o recoñecemento das obrigas facturadas debería tramitarse por este procedemento específico, establecido nas bases de execución do orzamento para situacións ou eventualidades, como a que nos ocupa.

Xa que existen unhas prestacións cuxa necesidade foi xustificada pola unidade xestora e das que consta a súa realización e que resulta fonte de obrigas a doutrina do enriquecemento inxusto, aplicada de xeito pacífico en materia contractual en supostos de prestacións realizadas en semellantes supostos ós analizados (cítanse a título de exemplo a STS de 30-10-1989, RJ 1989, 7396; e Sentenza 203/2011 do 3 de marzo do TSXG, JUR/2011/156734).

Entendemos aplicable dita figura ó ter percibido esta administración vantaxe derivada da entrega dunha cousa ou a recepción dun servizo; e producíndose ao mesmo tempo un empobrecemento do terceiro, que pretende a satisfacción ou contraprestación recíproca, constando así mesmo documentada a efectiva realización dunha subministración ou prestación dun servizo.

A estes efectos, reiterar, que no expediente están xustificadas por empregados públicos as prestacións.

En calquera caso, o Servizo de Contratación e Fomento é alleo ás decisións que motivaron as prestacións, sinalando mediante a presente o procedemento a seguir cando se dan situacións como as que nos ocupan e o órgano competente.

Compre recordar ó centro xestor dando traslado do acordo que se adopte con respecto a presente, que se deben minimizar os supostos nos que se incorre na irregularidade que motiva o reparo que unha vez levantado conserva os efectos previstos na base 20.4 de execución do orzamento desta deputación para o ano 2021.

As dúas facturas relacionadas neste informe, son obxecto de tramitación, aplicando analóxicamente (artigo 4.1 do Código Civil) a Base de Execución Nº 20 e concordantes do Orzamento desta Deputación para o ano 2021.

A competencia para a súa aprobación corresponderá á Xunta de Goberno dentro da Deputación Provincial que resulta ser o órgano de contratación, unha vez levantado o reparo suspensivo da Intervención Provincial formulado consonte ao establecido no artigo 216.2.c do TRLFL, en aplicación do artigo 217.1 do mesmo texto legal.

Dita atribución competencial, se produce considerando o carácter anual das prestacións e o carácter repetitivo das mesmas, as facturas non son susceptibles de tramitarse como contrato menor, unido a que as prestacións que reflicten se corresponden con procedementos de licitación, cuxa competencia é da Xunta de Goberno.

Neste senso, o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no B.O.P. de Lugo Nº 202 do 3 de setembro de 2020, establece no artigo 59 as atribucións da Xunta de Goberno. Adxudicar todos os contratos de obras, servizos, subministracións e xestión de servizos públicos, especiais e privados, de contía superior á determinada para contratos menores e cuxa competencia non estea reservada ao Pleno da Corporación.



Así mesmo a competencia sobre contratos alcanzará a aprobación do gasto, a interpretación, modificación, suspensión e a súa resolución, agás cando se trate de indemnizacións cuxa competencia lle corresponderá ao órgano orixinariamente competente.

Conclusión

Por todo o exposto, coas matizacións e consideracións formuladas ao longo deste informe, existindo saldo dispoñible nos exercicios de procedencia segundo os xa mencionados informes do Servizo de Contabilidade e Contas, e existindo consignación orzamentaria axeitada e suficiente consonte co informe de intervención invocado, para facer fronte aos gastos propostos, tratándose de gastos realizados no exercicio orzamentario de 2018 (no caso da factura Nº 489) e no exercicio orzamentario 2019 (no caso da factura Nº 174), e xustificados por analoxía ós requisitos fixados na Base 20 das BEO de aplicación, considerando a interdicción do enriquecemento inxusto, poderase tomar acordo pola Xunta de Goberno, de aprobación das prestacións executadas propias dun contrato administrativo de subministración, o recoñecemento das obrigas e o pagamento das seguintes facturas, en virtude do principio do enriquecemento inxusto:

ACREDOR	Nº FACTURA	DATA DE EMISIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA FACTURA
Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L.	489	31/12/2018	Subministración ao Parque Móbil, no mes de decembro do 2018, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria.	199,65 €
Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L.	174	30/04/2019	Subministración ao Parque Móbil, no mes de abril do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria.	199,65 €
TOTAL				399,30 €

Así mesmo, darase traslado deste acordo, ó Centro Xestor.

(...).”

Por canto antecede, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobado as prestacións executadas, propias dun contrato administrativo de subministración, recoñecer as obrigas e o pagamento das seguintes facturas emitidas por Lucense Suministros de Gases Industriales, S.L., por un importe total de 399,30 €:

Nº 489 de data 31/12/2018, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de decembro do 2018, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria, dun importe total de 199,65 €.

Nº 174 de data 30/04/2019, correspondente á subministración ao Parque Móbil, no mes de abril do 2019, de materiais diversos para a reparación e mantemento de vehículos e maquinaria, dun importe total de 199,65 €.

2º.- Dar traslado deste acordo ó centro xestor.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE DESESTIMACIÓN, SE PROCEDE, DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE CONCESIÓN DE PREMIOS PARA DEPORTISTAS INDIVIDUAIS DA PROVINCIA DE LUGO, DISCIPLINA AUTOMOBILISMO, ANUALIDADE 2020.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe do servizo de Deportes do seguinte teor:

Á vista do recurso de reposición formulado por don Adrián Díaz Pérez con DNI 33545****, con data 05/02/2021, nº expediente 2021/PES_03/001857 e número de rexistro 2021RPE001615, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excm. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dezoito de decembro de dous mil vinte, de concesión de



premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020, emítase o seguinte informe:

Que a Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dous de outubro de dous mil vinte, acordou darlle aprobación á Proposta de aprobación, se procede, das bases da convocatoria, do gasto, e dos anexos dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020 e cuxo extracto se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 235 do mércores, 14 de outubro de 2020.

Que o orzamento previsto para o procedemento e de acordo coa base Quinta da convocatoria, é de corenta e cinco mil euros (45.000 €) con cargo á aplicación 3410/481 do orzamento do ano 2020, segundo a previsión establecida no Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022 dentro da liña 12.1 Deportes, da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.

Que de acordo coa base cuarta, Número de premios e contías, o importe dos premios destinados a deportistas individuais piloto/a de rally de asfalto, terra e montaña, anualidade 2020, que a Deputación Provincial pode conceder, estará comprendida no intervalo de 300,00 € e 5.000,00 €. Así mesmo, o número máximo de premios a conceder previsto nas bases da convocatoria será de vinte e cinco (25), de acordo co criterio de puntuación total –de maior a menor-, acadada por cada solicitante en base aos criterios de valoración.

Que por Resolución de Presidencia de data 26/11/2020 e de acordo co establecido no punto Oitavo das bases da convocatoria, nomeouse a Comisión de Avaliación prevista, integrada por tres funcionarios da Deputación de Lugo, a Interventora e a Secretaria Xeral da Deputación Provincial.

Que con data 14 de decembro de 2020, se celebrou a Comisión de valoración prevista no punto oitavo das referidas Bases, para os efectos de avaliación e informe, no que se concreta o resultado da avaliación efectuada. O informe que se formula reflicte os/as beneficiarios para os que se propón a concesión de premio e os correspondentes importes a conceder e así mesmo aquelas solicitudes desestimadas, ou que no seu caso, presentaron desistencia da solicitude.

Que a Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dezoito de decembro de dous mil vinte, acordou darlle aprobación á Proposta de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020.

Que e acordo co punto 10 das bases da convocatoria, e ao abeiro do artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, con data xoves, 7 de xaneiro de 2021 (BOP N.º 004) publicouse a listaxe de premios do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020, acordo aprobado pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día dezoito de decembro de dous mil vinte, con indicación de que contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e no 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo, ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, dentro do prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da presente publicación no BOP de Lugo.

Que con data 05/02/2021, nº expediente 2021/PES_03/001857 e número de rexistro 2021RPE001615, don Adrián Díaz Pérez con DNI 33545***** formula escrito no que vén en interpoñer:

INTERPOR por medio do presente escrito **Recurso de Reposición** contra o acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 18 de decembro de 2020 e publicado no Boletín Oficial da Provincia o día 7 de xaneiro de 2021, relativo á listaxe de premios do procedemento de concorrencia competitiva para a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020, de conformidade có disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, e no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



E no que se solicita que:

SOLICITO:

Que se me remita a miña puntuación, detallada, obtida de acordo cos criterios de valoración establecidos no punto noveno das bases dos criterios de valoración correspondentes á convocatoria da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica da Deputación de Lugo que rexen a concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo disciplina automovilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020. **Que se comproben que as cantidades otorgadas son as correspondentes os puntos obtidos en base os certificados emitidos polas federación correspondentes e as bases da citada convocatoria.**

Que se admita o presente escrito de interposición de Recurso de Reposición, de conformidade cos feitos e as alegacións realizadas, e se acorde revocar o acordo da Xunta de Goberno e estime o presente recurso.

Os artigo 123 e 124 da Lei 39/2015 (Recurso potestativo de reposición) prevén respectivamente que :

1. Os actos administrativos que poñan fin á vía administrativa poderán ser impugnados potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa.
2. Non se poderá interpor recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

E que:

1. O prazo para a interposición do recurso de reposición será dun mes, se o acto for expreso. Transcorrido este prazo, unicamente se poderá interpoñer recurso contencioso administrativo, sen prexuízo, se for o caso, da procedencia do recurso extraordinario de revisión.

Se o acto non for expreso, o solicitante e outros posibles interesados poderán interpoñer recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto.

2. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso será dun mes.

3. Contra a resolución dun recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso.

Ha de terse en conta que o órgano competente para resolver o recurso será o mesmo que ditou o acto recorrido.

Que o recorrente fundamenta o recurso de reposición formulado por:

«Non estar conforme coa puntuación obtida e solicitar a súa revisión, baseándose na listaxe publicada no Boletín Oficial da Provincia o día 7 de xaneiro de 2021, correspondente ó acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo citado anteriormente. Considero que non se corresponden as puntuacións obtidas cas cantidades económicas, ou no seu defecto que non se considerou o mesmo criterio para todos os deportistas basados nos certificados expedidos pola federación.»

Solicitando:

«Que se admita o presente escrito de interposición de Recurso de Reposición de conformidade cos feitos e as alegacións realizadas e se acorde revocar o acordo da Xunta de Goberno e estime o presente recurso.»

Que don Adrián Díaz Pérez con DNI 33545****, presentou con data 28/10/2020 e nº expediente: 2020/PES_03/017944, número de rexistro 2020RPE016730, solicitude premios para deportistas individuais piloto rallys de asfalto, terra ou montaña da provincia de Lugo na anualidade 2020.

Que con data 13/11/2020 10:07 e número de rexistro de saída 2020RPS010711, ao abeiro do previsto no artigo 68. Emenda e mellora da solicitude, da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, requiriuse ao interesado 33545774K don Adrián Díaz Pérez para emenda de documentos preceptivos de solicitude de Premio Deportista Individual Rallys. Que con data 17/11/2020 e número de rexistro 2020RPE018174 don Adrián Díaz Pérez presenta documentación requirida relativa a Anexo I e Anexo II.



Que coa referida solicitude de número de rexistro 2020RPE016730 e de acordo co previsto nas bases da convocatoria, achega certificado federativo asinado polo presidente da Federación Galega de Automobilismo relativo á tenza de licenza federativa nos anos 2019 e 2020, respectivamente, e así mesmo, certificado federativo asinado polo presidente da Federación Española de Automobilismo de data 19 de outubro de 2020, que reflicte:

Que, según consta en los archivos de esta Federación Española, D. **ADRIAN DIAZ PEREZ**, provisto de DNI nº 33.545.774-K, ha obtenido los siguientes resultados deportivos hasta la fecha:

- 9º Absoluto en el CERA 2017
- Subcampeón de 2 ruedas motrices en 2017
- Campeón grupo S1600, 2016 y 2017
- Campeón Copa Suzuki Swift 2017

Y para que conste a los efectos oportunos, se expide en Madrid, a 19 de octubre de 2020

E así mesmo, certificado federativo asinado polo presidente da Federación Galega de Automobilismo, relativo á pertenza a escudería da provincia de Lugo e certificado de data 20 de outubro de 2020, que reflicte:

Iván Corral Pérez, provista do Documento Nacional de Identidade número 34596962L, como Presidente da Federación Galega de Automobilismo,

CERTIFICO:

Que Don Adrián Díaz Pérez, provisto do D.N.I. número 76412034P, participou en catro probas coa copiloto Andrea Lamas Barragan no ano 2019, sendo o palmarés o seguinte na tempada 2019:

Participación 2019:

Rally del Bierzo, 2º Clasificado Absoluto y 1º N5
Rallye Ourense Ribeira Sacra, abandono
Rallye San Froilán 2º Clasificado Absoluto y 1º N5
Rallye Mariña Lucense, abandono
Rallye Cangas del Narcea, 5º Clasificado Absoluto y 3º N5

FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO	
20 SET. 2020	
ENTRADA N.º	SAIDA N.º 695

E para que conste ós efectos oportunos, expido e firmo o presente en Ourense a 20 de Outubro de 2020.

Fdo. Iván Corral
Presidente F.G. de A.



Que as bases da convocatoria dos premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020 , aprobadas pola Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dous de outubro de dous mil vinte, e cuxo extracto se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 235 do mércores, 14 de outubro de 2020, establecen no seu punto Sexto.- Documentación, forma e prazo de presentación das solicitudes, que a certificación oficial da respectiva federación deberá acreditar:

c) Resultados deportivos e datos deportivos detallados de:

Palmarés, nos anos 2017, 2018 e 2019.

Rankings oficiais

Participacións e resultados en probas federadas, indicando en cada caso, o rally, a clasificación, o grupo, e calquera outro relativo aos méritos deportivos a valorar de acordo co reflectido no punto noveno desta convocatoria (ano 2019)

Outros elementos de valoración establecidos nesta convocatoria, etc, relativos ao/á deportista individual piloto/a; copiloto/a; solicitante (ano 2019)

Así mesmo, as referidas bases establecen no seu punto Noveno os criterios de puntuación individualizados por cada un dos resultados deportivos a valorar de acordo ás certificacións federativas achegadas por cada solicitante.

Que as referidas bases determinan no seu punto Décimo.- Resolución, publicidade e recursos, que a Xunta de Goberno a proposta do órgano instructor resolverá definitivamente os premios. E expresamente que o acordo, ademais de conter o nome do solicitante do premio ou relación de solicitantes co seu número de solicitude aos que se concede o premio, fará constar, se é o caso, de xeito expreso a desestimación do resto das solicitudes.



Que ha de terse en conta que non consta recurso nin alegacións contra as bases da convocatoria do procedemento, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria celebrada o día dous de outubro de dous mil vinte, e cuxo extracto se publicou no Boletín Oficial da Provincia núm. 235 do mércores, 14 de outubro de 2020.

Que o recorrente fundamenta, xa que logo, o recurso de reposición na consideración en «Non estar conforme coa puntuación obtida e solicitar a súa revisión, baseándose na listaxe publicada no Boletín Oficial da Provincia o día 7 de xaneiro de 2021, correspondente ó acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo citado anteriormente. Considero que non se corresponden as puntuacións obtidas cas cantidades económicas, ou no seu defecto que non se considerou o mesmo criterio para todos os deportistas basados nos certificados expedidos pola federación.»

Polo que, en consecuencia, cumprirá atender o fundamento exposto para a valoración do contido e do solicitando do recurso formulado de «Que se admita o presente escrito de interposición de Recurso de Reposición de conformidade cos feitos e as alegacións realizadas e se acorde revocar o acordo da Xunta de Goberno e estime o presente recurso.»

Cómpre indicar tamén, á vista do contido e dos fundamentos expostos no recurso formulado, que o solicitante don Adrián Díaz Pérez con DNI 33545****, achega expresamente e consta na solicitude de premios de deportista individual, documento que reflicte unha hipótese de estimación persoal de puntos individualizada de distintas probas, e así mesmo de sumatorio global, respectivamente, e que en todo caso e malia a tipoloxía do documento, non sería coincidente cos criterios de valoración previstos nas bases da convocatoria.

Ha de terse en conta que realizada por parte do servizo de Deportes a revisión dos expedientes de solicitudes presentados, con data 14 de decembro de 2020, celebrouse a Comisión de valoración prevista no punto oitavo das referidas Bases, para os efectos de avaliación e informe, no que se concreta o resultado da avaliación efectuada de cada solicitude e que o informe que se formula reflicte os/as beneficiarios para os que se propón a concesión de premio e os correspondentes importes a conceder e así mesmo aquelas solicitudes desestimadas, ou que no seu caso, presentaron desistencia da solicitude.

Así, a acta da citada Comisión de Valoración reflicte no seu punto de deliberacións: 1. Valoración de solicitudes,

(...)

En consecuencia, procedeuse a repartir o crédito previsto entre os os/as solicitantes, de acordo coa puntuación obtida por cada un dos beneficiarios, e cos límites de importe mínimo e máximo indicados.

Consta por tanto, no expediente, acta da Comisión de Valoración e cadro resultante da asignación individualizada e global de puntos de cada expediente, valor en euro do puntos, e distribución dos importes de premios en aplicación do procedemento previsto nas bases da convocatoria.

En todo caso, para o presente informe e á vista dos argumentos expostos polo recorrente, cómpre facer fincapé en que a puntuación asignada a cada solicitante é o sumatorio resultante da aplicación e asignación de puntuacións individualizadas ás distintas probas reflectidas nas respectivas certificacións federativas e que deban considerarse de acordo aos criterios de valoración e validez das distintas probas reflectidos nas bases da convocatoria.

Ha de terse en conta que as certificacións federativas achegadas polo solicitante inclúen probas non previstas nas Bases e que por tanto non procede a asignación de puntos individualizadas, tanto por non estaren recollidas expresamente como probas valorables das disputadas na provincia de Lugo (apartado C.- Participación en probas federadas (de Noveno.- Criterios de valoración), como por reflectir probas da anualidade 2019 non incluídas no Campionato Nacional ou Campionato Galego, de acordo aos calendarios federativos das respectivas federacións de automobilismo da referida anualidade e en aplicación do previsto no apartado C.- Participación en probas federadas (de Noveno.- Criterios de valoración) que especifica a necesaria consideración da proba dentro dos respectivos campionatos (Campionato Internacional de rally 2019/ Capionato Nacional de rally 2019/Campionato Autonómico Galego 2019).



E así mesmo, ha de terse en conta que as certificacións achegadas polo solicitante non reflicten en ningún caso a consideración federativa de “ranking”, dos previstos no apartado B.- Ranking Oficiais (de Noveno.- Criterios de valoración).

Que en consecuencia, procedeuse a asignar a puntuación prevista nas bases aos resultados acreditados nos documentos:

Certificación federativa do director deportivo da Real Federación Española de Automovilismo de data 19 de outubro de 2019: subcampeón de 2 ruedas motrices (2017); campeón grupo S1600 (2017) e campeón Copa Suzuki Swift (2017)

Certificación federativa do Presidente da Federación Galega de Automobilismo de data 20 de outubro de 2020: Rally San Froilán 2º clasificado absoluto e 1º N5; Rally da Mariña Lucense e Rally Ourense Ribeira Sacra.

Así mesmo, asígnouse a puntuación prevista especificamente nas bases para a participación no Rally San Froilán, e a prevista para pilotos con copiloto fémína e a puntuación determinada para pilotos de escuderías da provincia de Lugo.

Que por tanto, a asignación de puntos do procedemento se realizou de acordo ás respectivas certificacións federativas e en consecuencia a aquelas probas e resultados acreditados, con aplicación dos criterios e puntuacións establecidos nas bases da convocatoria.

Que de acordo co previsto Cuarto.- Número de premios e contías, o importe do premio a conceder derivará do resultado de multiplicar o valor en euros do punto, polos puntos totais conseguidos por cada solicitante, de acordo co baremo establecido.

Conclusiones:

Que en consecuencia, vistos os fundamentos expostos polo recorrente, analizado o expediente e os antecedentes e circunstancias expostas no presente informe, a xuízo de quen asina, cómpre desestimar o recurso de reposición formulado con data 05/02/2021, nº expediente 2021/PES_03/001857 e número de rexistro 2021RPE001615, don Adrián Díaz Pérez con DNI 33545**** contra o acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación, en sesión ordinaria

celebrada o día dezoito de decembro de dous mil vinte, que acordou darlle aprobación á Proposta de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020.

Polo exposto, propono que pola Xunta de Goberno da Excma. Deputación Provincial se adopten os seguintes acordos:

1º.- Desestimar o recurso de reposición formulado por don Adrián Díaz Pérez con DNI 33545****, con data 05/02/2021, nº expediente 2021/PES_03/001857 e número de rexistro 2021RPE001615, contra acordo de Xunta de Goberno desta Excma. Deputación de dezoito de decembro de dous mil vinte, de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña na anualidade 2020

2º.- Notificar o presente acordo á parte interesada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Débase ter en conta o informe do Xefe do Servizo de Deportes no que expón que a proposta anteriormente transcrita ten un erro de transcripción na data de emisión de certificado federativo asinado polo Presidente da Federación Galega de Automobilismo relativo aos antecedentes analizados no informe do servizo de Deportes relativo ao recurso de reposición presentado e onde di 20 de outubro de 20202 debe dicir 20 de outubro de 2020.

12.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DO ENCARGADO DA VIXILANCIA INTERIOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:



“Visto que D. Manuel Pérez Sánchez, Encargado Vixilancia Interior do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe Unidade I Vixilancia, Portería e Infografía, cumpre os 65 anos de idade o día 13 de marzo de 2021, que terá recoñecidos 44 anos, 4 meses e 26 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 13 de marzo de 2021, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, en consecuencia un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa vixente:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

[...]”.

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

(...)”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta D. Manuel Pérez Sánchez terá acreditado, á data do 13 de marzo de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. Manuel Pérez Sánchez, con efectividade do día 13 de marzo de 2021 , derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



13.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ATS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Núñez Beloy, ATS do Cadro de Persoal Funcionario, que ocupa o posto de Xefe Sección I Saúde, Seguridade e Prevención, cumpre os 65 anos de idade o día 21 de marzo de 2021, que terá recoñecidos 39 anos, 5 meses e 10 días de servizos prestados nesta Deputación provincial, o día 21 de marzo de 2021, data previsible de xubilación forzosa, acreditando, en consecuencia un período de cotización á Seguridade Social superior aos 37 anos e 3 meses.

Tendo en conta que o citado funcionario non solicitou inicialmente a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando o establecido na normativa vixente:

Artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia: “1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

Artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...)”.

Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos

[...].”.

Á vista do sinalado e dos informes dos servizos e tendo en conta D. José Núñez Beloy terá acreditado, á data do 21 de marzo de 2021, na que cumpre os 65 anos de idade, un período de cotización superior aos 37 anos e 3 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:



Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. José Núñez Beloy, con efectividade do día 21 de marzo de 2021, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN ANTICIPADA DUN CONDUCTOR DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Eusebio Ramón Monjero López, nado o día 31 de agosto de 1956, Condutor do Cadro de Persoal Funcionario, presentou ante esta Entidade solicitude de xubilación anticipada para que sexa efectiva o día 1 de marzo do 2021.

Tendo en conta que D. Eusebio Ramón Monjero López, ten unha antigüidade recoñecida de 35 anos, 4 meses e 13 días.

Consideracións Xurídica e Técnicas

O artigo 68 da Lei 2/2015, do 29 de abril do Emprego Público de Galicia, establece:

“1.- A xubilación do persoal funcionario pode ser:

(...)

2.- A xubilación voluntaria concederase por solicitude da persoa interesada, sempre que reúna os requisitos e as condicións establecidas no réxime da Seguridade Social que lle sexa aplicable.

(...)”.

O Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, no seu artigo 208, establece

“Xubilación anticipada por vontade do interesado

1.- O acceso á xubilación anticipada por vontade do interesado esixirá os seguintes requisitos:

“a) Ter cumprida unha idade que sexa inferior en dous anos, como máximo, á idade que en cada caso resulte de aplicación segundo o establecido no artigo 205.1.a), sen que a estes efectos resulten de aplicación os coeficientes redutores a que se refire o artigo 206.

b) Acreditar un período mínimo de cotización efectiva de 35 anos, sen que, a tales efectos, se teña en conta a parte proporcional por pagas extraordinarias. A estes exclusivos efectos, soamente se computará o período de prestación do servizo militar obrigatorio ou da prestación social substitutoria, co límite máximo dun ano.

c) Unha vez acreditados os requisitos xerais e específicos da dita modalidade de xubilación, o importe da pensión a percibir ten que resultar superior á contía da pensión mínima que correspondería ao interesado pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade. No caso contrario, non se poderá acceder a esta fórmula de xubilación anticipada”.

2.- Nos casos de acceso á xubilación anticipada a que se refire este artigo, a pensión será obxecto de redución mediante a aplicación, por cada trimestre ou fracción de trimestre, que, no momento causante, lle falta ao traballador ata cumprir a idade legal de xubilación que en cada caso resulte da aplicación do establecido no artigo 205.a).

As anteditas condicións e requisitos están matizadas polo sinalado na Disposición Transitoria Sétima, que formula unha aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, a idade de xubilación e o período de cotización necesario que aplicárase de maneira gradual, fixándose para no ano 2021, segundo se expresa no seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2021	37 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 37 anos e 3 meses	66 anos



En canto á condición consistente en que o importe da pensión resultante ten que ser superior á contía da pensión mínima que corresponda ao/á interesado/a pola súa situación familiar ao cumprimento dos 65 anos de idade, cómpre manifestar que tales pensións mínimas son as seguintes:

Con 65 anos.	Con cónxuxe a cargo.	Con cónxuxe non a cargo.	Unipersoal.
	843,40€	648,70€	683,50€
Menor de 65 anos	790,70€	604,40€	639,50

Considerando que na documentación achegada polo solicitante, acredítase que, de acordo a informe de simulación de xubilación emitido pola Secretaría do Estado da Seguridade Social, a pensión inicial aproximada que lle corresponde, supera o importe da pensión mínima sinalada.

Tendo en conta as consideracións anteriormente formuladas, así como a documentación presentada polo interesado; e o contido do informe do Servizo de Recursos Humanos, propoño á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 09.03.2011 (publicado do BOP núm. 056, do 10.03.2011), acorde:

Acceder á solicitude de xubilación anticipada de D. Eusebio Ramón Monjero López dende o día 1 de marzo de 2021, sendo o día 28 de febreiro de 2021, o último día que presta servizos nesta Entidade.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dase conta de que, no día de onte, 18 de febreiro de 2021, recibíuse nesta Deputación Resolución do recurso especial en materia de contratación N° 27/2020 que resolve:

1º.- Desestimar o recurso interposto por Veolia Servicios del Norte, S.A.U, contra a súa exclusión da contratación dun servizo de mantemento de instalacións térmicas e o control e prevención de lexionela nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, expediente EXP028SE20ABO desa Deputación.

2º.- Levantar a suspensión acordada no seu día.

Polo exposto, acórdase continuar o procedemento da contratación do servizo de mantemento de instalacións térmicas e o control e prevención de lexionela nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, expediente EXP028SE20ABO. A Xunta de Goberno queda enterada.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.